

HOMES DE COIDADADO

Exemplar gratuíto

Nº1, 2024/2025



A UVIGO COMPROMÉTESE COAS MASCULINIDADES COIDADOSAS

De media as mulleres dedican máis tempo que os homes en todos os labores de coidados, excepto no propio autocoidado. Esta fenda de xénero atravesa tamén a comunidade universitaria, pro-

vocando consecuencias desiguais para a vida persoal, académica e profesional de mulleres e homes. Unha situación de inxustiza ante a que os homes da UVigo están a dar un paso á fronte.

REVISTA CULTURAL

Cristian Gradín

Taro

Xosé Manuel Buxán Bran

Revista Cultural

Páx 20

INVESTIGAR E COIDAR NA UVIGO



Entrevista

Páx 8

Carmen Mariño, profesora na Escola de Enxeñaría Industrial, e Xabier M. Rolán, profesor en Comunicación Audiovisual e Publicidade, falan sobre coidados e carreira académica.

CORRESPONSABILIDADE



Universo UVigo

Páx 7

Unidade de Igualdade da UVigo elabora guía que compila dereitos e posibilidades disponibles para a comunidade universitaria conciliar a vida persoal, familiar e laboral.

ECONOMÍA E SUSTENTABILIDADE



Crónica

Páx 10

Pontevedra acolle conferencias internacionais sobre ciencia, tecnoloxía, innovación e ecoloxismo, onde se reflexiona sobre modelos económicos decrecentistas e feministas.

PAÍS DOS COIDADOS



Utopías

Páx 15

A corresponsabilidade para alén do xénero é unha utopía imaxinable, e foi desenvolvida en dous obradoiros por homes e mulleres; dúas viaxes literarias a un lugar mellor.



Cartelería dos obradoiros de Homes de Coidado, dirixidos á comunidade universitaria. Fonte: Charo Lopes.

Consello de Redacción

Mar F. Cendón
Olga Romasanta
Martín V. Añel
Charo Lopes

Corrección lingüística

Charo Lopes

Deseño e maquetación

Nadina Gráfica

Coordinación de imaxe

Charo Lopes

Colaboradoras especiais

(participantes dos obradoiros)
Alberto Pérez Pereira, Lucas Vázquez Besteiro, Fidel Álvarez Vargas, Luís Pena Morandeira, David Vázquez Fraga, Joaquín Baltasar Collazo, Lorena Diana Gatea, Victoria Lojo Vicente, Lucía Castrillo Sánchez, María Jesús Posada Alonso.

Colaboran neste número

Águeda Gómez Suárez, David Basalo, Carmen Mariño, Xabier Martínez Rolán, Cristina Vázquez, Mario Pansera, Óscar Penín Romero, Joshua Alonso Mateo, Xoana Abreira de Bernardo, Nahuel Pérez, José Expósito, Xosé Manuel Buxán Bran, Cristian Gradín, Taro, Antonio Alonso Rodríguez, Ander Bergara.

QUE É HOMES DE COIDADADO?

Homes de Coidado é un proxecto da Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo, enmarcado dentro das accións do III Plan de Igualdade entre Mulleres e Homes da Universidade de Vigo (2020-2024). O seu obxectivo é promover unha reflexión no conxunto da comunidade universitaria arredor das masculinidades coidadasas, cos homes como principais protagonistas e destinatarios. Para isto, ideamos un xornal tecido colaborativamente, no que abordar este desafío de maneira coral, poliédrica e aterrada na realidade da UVigo.

Este material que tes nas mans é o resultado dun proceso de traballo compartido entre axentes da comunidade universitaria (PDI, PTXAS, alumnado...), e outros que forman parte da súa órbita ou están implicados activamente nas masculinidades coidadasas. Baixo a coordinación técnica de Rexenerando S. Coop., o apoio de Charo Lopes

na edición e fotografía, e Nadina Bértolo no deseño gráfico, compuxemos un xornal que busca facer un achegamento coral.

En «Universo UVigo» atoparás contidos para darche a benvida ao material e ao tema, centrando as masculinidades coidadasas e explorando esta realidade no contexto desta universidade. «Homes que contan» abrangue tres entrevistas a diferentes homes implicados no traballo das masculinidades igualitarias, que comparten a súa experiencia e visión. «O País dos Coidados» é unha sección que recolle o traballo feito con persoas da comunidade universitaria, en clave de utopía para a transformación social. «A revista cultural» contén catro achegas á temática a través da arte, o cinema, a cociña ou as apps.

Desfruta dos seus contidos, comparte, e espalla.

MÁIS HOMES DE COIDADADO

ÁGUEDA GÓMEZ SUÁREZ
DIRECTORA DA UNIDADE DE IGUALDADE DA UVIGO



Foto: Luís Pena, UVigo TV.

Este ano tivemos una nova idea: crear un xornal. Un espazo para dar visibilidade a compañeiros, amigos, pais, irmáns, avós e fillos que saben e queren coller unha fregona, organizar un aniversario, preocupárense por como está o que os rodea e con quen se relacionan, participar na asociación veciñal, conseguir unha cartolina a última hora da tarde ou preparar a bolsa familiar da praia. Eses «homes de coidado».

Para facelo, desde a Unidade de Igualdade, xuntámonos co equipo da cooperativa Rexenerando e podemos levar a cabo esta medida do noso terceiro plan de igualdade co

apoyo económico da Consellería de Política Social e Igualdade a través do Plan Corresponsables. Pero, sobre todo, contamos coa participación de homes da contorna da Universidade de Vigo, que están a tomar consciencia do seu papel cara a unha sociedade máis igualitaria.

Nun exemplo recente vemos como a equiparación do permiso de paternidade, que pode ser un elemento máis para lograr un cambio estrutural na división sexual do traballo, supón un medio para que os homes que son pais poidan exercer os coidados. A consecución deste dereito logrou que cada vez máis

homes gocen del, aínda que os resultados seguen sinalando que o fan sobre todo como coidadores secundarios - facendo un uso maioritario del de forma simultánea ás súas parellas - ben sexa porque as condicións laborais non lles permiten negocialo doutro xeito ou porque en moitas familias se seguen reproducindo os roles de xénero. Por iso, como se ten sinalado desde propostas feministas como a de Cristina Castellanos Serrano (2023), é necesario facer un esforzo para completar este tipo de medidas con outras políticas para reducir a xornada de traballo e universalizar a provisión de servizos de educación e coidado de longa duración.

O xornal que tes nas mans –ou que estás a ver desde algunha pantalla– quere amosar que coidar non é, nin pode seguir sendo, só cousa das mulleres. Recoller algúns exemplos de homes que xa o fan. Porque se Xoán e Alberto poden, por que ti non? Precisamos menos «non me dixeches que o fixera» e máis «descarguei unha *app* para facer a lista da compra».

O patriarcado é como ese programa antigo que ninguén desinstala e que segue a controlar todo desde as sombras. Cunha «enxeñaría política» digna de *hacker* dos 70 (Kate Millett, 1978), mantén a súa xerarquía a base de trucos, sancións e mandatos que nos din como temos que comportarnos. Para os homes,


o guión é claro: individualismo, fortaleza e éxito económico, social e sexual. E se te saes do guión, por exemplo, se che dá por ser un home coidador, xa podes ir preparando a factura das sancións.

Esperamos que este poida ser un espazo máis onde desmontar estereotipos e roles de xénero que se reproducen na vida persoal, académica e profesional. Porque, ocuparse do regalo dun aniversario de xubilación, tomar acta e facer o traballo invisible e menos valorado tamén é parte do «traballo doméstico» que fan maioritariamente as mulleres.

Queremos que tamén se fale deste tema nas previas dos partidos, nos grupos de WhatsApp dos amigos, na lista de comunidade, nas reunións de departamento e até no claustro. Neste xornal atoparás contidos para reflexionar, debater e sensibilizar a quen aínda non se atreve a dar o paso. Este periódico é parte da nosa proposta para avanzar cara unha sociedade máis xusta e igualitaria. É preciso o compromiso dos homes para conseguir un verdadeiro equilibrio de xénero, e iso pasa por ser corresponsables dos coidados. Necesitamos máis «homes de coidado». Veña!

Cartas á dirección

SE PENSAS EN MASCULINIDADES COIDADOSAS NA UVIGO, QUE DIRÍAS QUE ESTÁ A ACONTECER XA, E QUE FALTA?



En tempos de cambios como este que vivimos, moitos homes buscan referencias e certezas para darlle sentido ao seu proceso de transformación persoal. Un dos modelos para o cambio son, sen dúbida, os homes de coidado. Neste apartado recóllense as voces de dous homes da comunidade universitaria reflexionando sobre esta cuestión no noso contexto.

MASCULINIDADES COIDADOSAS: UN CAMIÑO A SEGUIR NA UVIGO

Na sociedade actual, o debate sobre os roles de xénero está en evolución, e a universidade ten un papel clave. Como espazo de coñecemento, a Universidade de Vigo pode impulsar valores de convivencia máis respectuosa e igualitaria. Nese sentido, as masculinidades coidadosas son fundamentais, e promovelas significa apostar por novos modelos de convivencia e relación.

Para a UVigo, non basta con adoptar políticas estandarizadas doutras institucións; cómpre analizar a realidade específica da súa comunidade. A chave está en desenvolver medidas adaptadas que respondan ás necesidades reais de todos os colectivos: estudantado, profesorado e persoal técnico, de xestión e de administración e servizos. Fomentar a participación activa de todos eles é esencial para asegurar que as iniciativas teñan impacto e reflectan as demandas da comunidade universitaria no seu conxunto. Isto permitirá maximizar os froitos dos esforzos realizados, que as medidas alcancen

á maior cantidade de persoas posible.

É urxente aumentar a formación e sensibilización sobre as masculinidades coidadosas. Aínda que hai avances, moitas persoas aínda non coñecen os beneficios que estas poden traer, tanto no ámbito persoal como no académico. A UVigo debe liderar este proceso, integrando contidos sobre masculinidades coidadosas nos programas de formación, conferencias e seminarios, e promovendo actividades extracurriculares que involucren a toda a comunidade.

A formación do estudiantado actual é crucial. Quen hoxe se forma na UVigo trasladará estes valores á súa contorna no futuro, contribuíndo para sociedades máis respectuosas e empáticas. Educar nas masculinidades coidadosas non só mellorará as relacións no presente, senón que axudará a construír un futuro onde o respecto e a igualdade sexan piares fundamentais.

Ademais, resulta imprescindible crear espazos de reflexión e debate sobre o concepto de masculinidade. É necesario cuestionar o modelo tradicional e abrir camiño cara novas formas de ser home, máis empáticas, colaborativas e respectuosas. Estes espazos poden xurdir tanto da in-

vestigación académica como a través de redes de colaboración dentro da propia universidade, promovendo un intercambio de ideas e experiencias que enriqueza a comunidade.

En resumo, a UVigo está comezando a avanzar na dirección correcta, pero aínda queda camiño por percorrer. É preciso que as medidas que se implementen estean baseadas nas necesidades da comunidade universitaria e que se intensifiquen os esforzos en formación. Só así lograremos unha universidade máis igualitaria e inclusiva, onde o respecto mutuo e o coidado sexan valores fundamentais para toda a comunidade.

—JOAQUÍN BALTASAR COLLAZO,
PDI da UVigo na Escola de Enxeñaría Industrial.



MUDAR O MUNDO PARA MELLOR

Home, masculino singular. Así dita a gramática, pero tamén unha cultura herdada. O guión que en xeral se nos presenta aos homes ao medrarmos conta aínda con liñas vellas que falan sobre un estoicismo frío, indi-

vidualismo alienante, ou de aproveitarse de roles de xénero abusivos para a muller no público e no privado. Nunha sociedade con vocación de progreso e igualdade non só debe haber espazo para masculinidades plurais senón tamén, simplemente, mellores. Neste xornal falamos de masculinidades coidadosas, de xeitos de vivir que honran facetas humanas que a masculinidade tradicional nos arrebatara aos homes, mentres que desvaloriza tarefas que desproporcionadamente lle encarga ás mulleres. A distinción entre expectativas de excelencia ligadas á construción de xénero aliena tanto ás mulleres, que se ven desproporcionadamente cargadas con traballos de coidados e por tanto afastadas doutras ambicións sociais e profesionais, como aos homes, que nos proxecta sobre a vida pública e nos lexítima a non investir a nosa forza de traballo no fogar, onde poderíamos tecer unhas vidas máis arraigadas nas persoas que nos son próximas.


Mudar as perspectivas normativas dunha sociedade é complexo, tanto pola existencia de múltiples inercias persoais e colectivas, coma polas súas interdependencias con contextos globais, como son o carácter competitivo da produción científica e da

alocación de postos de traballo en investigación, o cal pon presión sobre a axenda e enerxía de todas as persoas. Así, o movemento cara sociedades máis ditosas, para todas, pode requirir mudanzas coordinadas entre moitas persoas e grupos diversos. Pero non debemos perder de vista a forza de empuxe de firmes cambios locais, que paulatinamente crean burbullas que poden atopar a coalescencia na interacción mutua. Sirvan como exemplo as iniciativas de núcleos urbanos tomadas para afrontar o cambio climático que contrastan con perspectivas a nivel nacional e supranacional que non responden á urxencia da situación na que vivimos.

Hoxe, cada un de nós pode revisar criticamente mensaxes herdadas sobre como debemos de vivir e comportarnos para ser homes «de verdade», para mudar os nosos comportamentos e expectativas cotiás de cara a sermos, simplemente, mellores homes. A burbulla que alimentemos pode mudar o mundo para mellor, pero quizais abonde como motivación o impacto positivo, liberador, sobre a nosa contorna, as nosas familias e sobre nós mesmos.

—LUCAS VÁZQUEZ BESTEIRO,
PDI da UVigo no CINBIO

Cartelería na Unidade de Igualdade da UVigo. Fonte: Charo Lopes.



MASCULINIDADE(S) COIDADOSA(S): DAS TEORÍAS ÁS PRÁCTICAS

MARTÍN V. AÑEL / REDACCIÓN

As masculinidades coidadasas supoñen un «armisticio» fronte o sistema patriarcal, ofrecendo unha forma de ser home fundamentada no respecto, a empatía, os coidados e a igualdade. Esta transformación permítenos aos homes abandonar o peso do mandato patriarcal e construír relacións de paz con nós mesmos e coas demais persoas, marcando un avance cara unha sociedade máis xusta e equitativa. Neste artigo ofrecemos algunhas das chaves deste paradigma, facendo un repaso por conceptos e figuras de referencia para comprendermos esta realidade —e levala á práctica.

Os estudos de xénero, as achegas teóricas dos feminismos sobre o patriarcal e os debates sobre o rol dos homes na transformación da nosa sociedade cara unha igualdade real son o punto de partida da reflexión sobre as maneiras nas que se configura a identidade masculina. As investigacións de Raewyn Connell contribuíron enormemente á conceptualización de «masculinidade hexemónica»; esta sería entendida como un dispositivo de dominación a través dun conxunto de prácticas (non soamente expectativas sobre o rol masculino) que sosteñen a posición xerárquica de superioridade e dominación dos homes sobre as mulleres. Dende esta dimensión, calquera proposta de transformación da masculinidade hexemónica, que cualificaremos tamén neste artigo como patriarcal, é un chamado á acción.

Esa masculinidade hexemónica non é considerada en ningún caso como maioritaria en termos estatísticos: a xeneralidade dos homes non encaixamos ao cento por cento nese modelo asociado á necesidade constante de demostrar a propia virilidade, a competencia cos outros, o poder, a forza. Mais si que é presentado como un ideal desexable, creando referentes e impondo mecanismos de reforzo e de censura para que os homes nos axustemos a el. Así, estamos sempre en loita, con nós mesmos e coas demais persoas, nunha posición permanente de conflito, vixilantes de que a nosa masculinidade non sexa posta en dúbida. Segundo Anastasia Téllez e Ana Dolores Verdú (2011) os referentes desa masculinidade patriarcal son a

«homofobia, misoxinia, poder, estatus e riqueza, sexualidade desconectada, forza e agresión, restrición das emocións, independencia e autosuficiencia». Ao tempo, este modelo minusvalora e relega para o ámbito do feminino cuestións como as emocións, a empatía, a vulnerabilidade, a cooperación ou os coidados.


Prestemos a continuación por un momento atención a este outro concepto chave deste xornal, os «coidados»: todas aquelas actividades que teñen como obxectivo soste e fornecer benestar físico, psíquico e emocional ás persoas (Janet Finch, 1989). Mais na nosa sociedade patriarcal, na que todo o relacionado cos coidados era considerado parte do universo das mulleres, estes non teñen ocupado precisamente o centro ao longo da historia. Fronte esta

invisibilización, autoras como Ana de Miguel sinalan que máis que seres sociais por natureza, o que debemos é entendernos, nun marco de interdependencia, como seres «coidables» (De Miguel, 2021), poñendo o foco na súa importancia. Todos e todas precisamos sempre de coidados, aínda que con necesidades diferentes que mudan ao longo do noso ciclo vital, movéndonos entre posicións de autonomía e dependencia. Ampliando o foco, diríamos que son unha fonte de benestar e desenvolvemento, «todo o que facemos con vistas a manter, continuar ou reparar o noso mundo, de tal maneira que poidamos vivir nel o mellor posible (...)», incluíndo «os nosos corpos, as nosas individualidades e a nosa contorna (...) nunha rede complexa que sostén a vida» (Joan Tronto, 1987).

De que falamos entón cando falamos de «homes de coidado»? As masculinidades coidadasas buscan deconstruír o modelo patriarcal e propoñen unha «tregua» ante os mandatos tradicionais de xénero, cuestionando a xerarquía entre mulleres e homes, os «dividendos patriarcal» e renunciando aos privilexios asociados á masculinidade hexemónica. Este modelo permite que os homes construamos unha identidade baseada no respecto e o coidado, en lugar de no dominio e a forza. Anastasia Téllez sinala a idea do «armisticio da masculinidade»

como unha vía para que os homes pacifiquemos as relacións con nós mesmos, con outros homes e coas mulleres, desposuíndonos das esixencias de virilidade e das condutas violentas que o sistema patriarcal promove. Así, as masculinidades coidadasas asumirían a corresponsabilidade no fogar e nas relacións comunitarias e sociais como unha práctica de igualdade. Este modelo non consiste en que os homes simplemente «axudemos» no coidado, senón en que participemos de forma corresponsable, proactiva, recíproca e equitativa, recoñecendo o valor desta actividade. Ao cuestionar os privilexios patriarcal e asumir a corresponsabilidade, os homes contribuímos para o benestar familiar, comunitario, laboral, social cultural, político e medioambiental. Transformamos as relacións de xénero, modelando realidades máis igualitarias, baseadas no respecto e a cooperación.

Por último, as masculinidades coidadasas desempeñan un papel fundamental na prevención das violencias contra as mulleres, situándose en oposición directa ás actitudes de control e dominio que sustentan a violencia patriarcal. Os homes que incorporem nas nosas vidas actitudes de coidado e corresponsabilidade debemos rexeitar tamén o uso da violencia e construír todas as nosas relacións desde o respecto mutuo. Para Michael Kimmel (1997) esta transformación é esencial para desarticular os patróns violentos, promovendo unha forma de ser home que valore a non violencia e o bo trato como parte fundamental dos seus vínculos. Así, o armisticio proposto por Anastasia Téllez tamén implica que os homes deconstruamos dunha forma activa e consciente as estruturas de dominación, creando relacións agarimosas, de respecto e igualdade.



Fonte: Nadina Gráfica.

A UNIDADE DE IGUALDADE DA UVIGO PRETENDE INCORPORAR A PERSPECTIVA DE XÉNERO EN TODOS OS ÁMBITOS DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA

REDACCIÓN / UNIDADE DE IGUALDADE



Mar F. Cendón, técnica da Unidade de Igualdade, na oficina no edificio Ernestina Otero. Fonte: Charo Lopes.

A Universidade de Vigo ten, entre os seus fins, «contribuír para unha sociedade xusta e igualitaria na cal se respecte a igualdade entre mulleres e homes». Para poder alcanzar este obxectivo, no ano 2006, creouse a Unidade de Igualdade que se encarga de deseñar, impulsar, executar, seguir e avaliar as políticas públicas de igualdade universitarias e calquera outra medida necesaria para incorporar a perspectiva de xénero en todos os ámbitos da vida da comunidade universitaria.

TRANSVERSALIZACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO

No ano 2021, impulsouse o Distintivo de Igualdade, que reconece e incentiva as facultades, escolas, centros e institutos de investigación que realizan actividades de igualdade no ámbito docente, investigador, de sensibilización e de conciliación corresponsable, favorecendo a incorporación integral da perspectiva de xénero nos seus espazos de traballo.

PIONEIRA NO ACCESO A PRODUTOS MENSTRUAIS

A Universidade de Vigo foi a primeira universidade do Estado en facilitar compresas e tampóns ao estudiantado. Esta medida contribúe a romper cos tabús sobre a menstruación e axuda a dar visibilidade aos coidados, ofrecendo solucións concretas para mellorar as necesidades cotiás, tamén na comunidade universitaria.

FORMACIÓN MULTIDISCIPLINAR E ACCESIBLE

O Itinerario Formativo Virtual en Xénero é un programa de 24 cursos en liña que responden ao interese de formarse en xénero. Esta proposta, con máis de 10 000 inscricións até o de agora, busca estender o compromiso da Universidade de Vigo de promover o pensamento crítico e a aplicación da perspectiva de xénero a todos os ámbitos de coñecemento.

E MOITO MÁIS...

Outras actividades que desenvolve inclúen os Premios Egeria, un programa de axudas anual para o financiamento de actividades docentes e de sensibilización con perspectiva de xénero e a Cátedra de Feminismos 4.0 DEPO-UVigo, destinada a loitar contra o machismo dixital. Todas estas accións desenvólvense en colaboración coa participación activa da comunidade universitaria, que demostra un compromiso esencial para acadar a igualdade de xénero.



Material da Unidade de Igualdade da UVigo. Fonte: Charo Lopes.

Unidade de Igualdade, no Edificio Ernestina Otero do Campus de Vigo. Fonte: Charo Lopes.

UNIDADE DE IGUALDADE DA UVIGO ELABORA GUÍA PARA DIVULGAR AS POSIBILIDADES DE CONCILIACIÓN QUE OFRECE A UNIVERSIDADE

Os datos do informe *Estado de las paternidades y cuidados en España 2023*, elaborado por CONVIVE Fundación Cepaim, indican que as mulleres dedican máis horas de media para as tarefas de cuidados que os homes en todos o casos, a excepción do cuidado propio. Unha fenda de cuidados que tamén se ten identificado na universidade e que ten consecuencias desiguais para a vida persoal, académica e profesional de mulleres e homes. Este estudo tamén sinala

unha tensión entre as necesidades de cuidado e a dispoñibilidade de tempo, o que evidencia o conflito entre capital e vida, que perciben máis as mulleres.

As unidades de convivencia están mudando e, a diferenza duns anos atrás, os fogares constituídos por unha parella heterosexual con criaturas xa non son a maioría. Ao mesmo tempo están medrando outros modelos, como os fogares monoparentais, as familias reconstituídas ou

aquelas que non teñen descendencia. Estes cambios inflúen nas nosas vidas e na forma en que se asumen os cuidados nun sistema tradicionalmente familista.

Como punto de partida para continuar á procura de fórmulas para compartir igualitariamente a responsabilidade dos cuidados e poñer a vida no centro da comunidade universitaria, na Unidade de Igualdade elaborouse unha guía informativa que recompila os dereitos e as posibilidades das que dispón o persoal da UVigo para conciliar a súa vida persoal, familiar e laboral. Este recurso ten un carácter orientativo e deberá consultarse cos servizos que corresponde en cada situación, segundo as circunstancias e a lexislación que aplique.

Este documento é un repertorio de licenzas, permisos e outras fórmulas de organización do traballo que facilitan a conciliación corresponsable da vida do persoal da Universi-

dade de Vigo. Tamén ofrece información sobre os recursos propios da UVigo e os servizos públicos dispoñibles nas provincias de Ourense e de Pontevedra para a conciliación corresponsable. Pode consultarse no enlace do seguinte código QR.



CAMPUS CAMP, UN ESPAZO PARA AS CRIANZAS DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA

REDACCIÓN

O Campus Camp é unha das iniciativas que se desenvolven no marco da UVigo para favorecer a conciliación. Con xa vinte anos de traxectoria ás súas costas, centos de familias da comunidade universitaria botaron man dela para apoiar o cuidado das súas crianzas nos períodos vacacionais. Falamos con David Basalo, PTXAS da UVigo, impulsor desta acción no Campus de Vigo.



Pasado este tempo, cal é a túa valoración desta acción e o seu impacto?

A miña valoración é moi positiva, primeiro polo que me trasladaban no momento da súa organización outras mamás e papás que por dispoñeren desa actividade preto do traballo (no mesmo campus) podían conciliar a súa vida familiar e ofrecerlles ás súas crianzas unha actividade de lecer tanto cultural como deportiva na que desfrutar á vez que conciliaban.

Por outra parte, agora son usuario do Campus Camp por ter unha filla que desfruta tamén dos servizos que ofrece e que me permite a min conciliar a vida familiar con ese servizo.

Como traballador da UVigo, consideras que unha persoa que precise conciliar neste espazo conta cos recursos necesarios?

Non totalmente, xa que se ben temos os servizos do Campus Camp para as épocas de vacacións, ou en Ourense e Pontevedra, dispoñen de

escola infantil, por experiencia propia, no Campus de Vigo non hai gardería, e sería un moi bo servizo para toda a comunidade do Campus de Vigo (alumnado, PTXAS, profesorado e persoal investigador).

A miña experiencia recente é negativa na necesidade de poder conciliar a vida familiar para fillos maiores de 12 anos, a pesar do indicado no artigo 52 da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia e no apartado 4 do artigo 106 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do empregado público, foime denegada.

Coido que a dirección da universidade debe procurar o benestar das persoas empregadas xa que finalmente redundará tamén nunha maior produtividade e nun maior compromiso coa institución.

Que proposta farías agora, desde o teu momento vital e a túa posición profesional?

Coido que desenvolver a flexibilización horaria e o teletraballo, xa que hai moitas e diferentes situacións persoais que precisan resposta, e non necesariamente debido á conciliación familiar. Por exemplo, moitas compañeiras e compañeiros veñen de outras localidades traballar ao Campus de Vigo (ou aos outros campus) e non poden facer teletraballo porque a dirección da universidade non quere implementalo malia ser a súa promesa electoral.

Como, cando e para que naceu a iniciativa do Campus Camp?

A iniciativa do Campus Camp partiu das compañeiras do Campus de Ourense, Raquel Iglesias e M^a Teresa Díaz no ano 2004, por unha necesidade de conciliar a súa vida familiar e atender as súas fillas e fillos nos períodos de vacacións escolares, preferentemente nos meses de xuño, xullo e setembro. O ano seguinte organizouse a primeira edición no Campus de Vigo e Pontevedra debido ao éxito que tivera no Campus de Ourense.

Cal foi o teu papel en relación a ela? Por que te involucras nunha actividade así?

Inicie a miña participación no Campus Camp coa organización da

primeira edición no Campus de Vigo e Pontevedra no ano 2005. Involcreime na organización a pedimento dunha compañeira do Campus de Vigo que se enterara da súa edición no Campus de Ourense e que necesitaba tamén conciliar a súa vida familiar por ter cativos menores.

O motivo da miña implicación foi porque nese momento estaba a desempeñar funcións de representante sindical e para que se fixese en Vigo era necesario que alguén o impulsase, xa que non estaba asumido institucionalmente. A min pareceume unha moi boa idea aínda que naquel momento non tivese obrigas nin necesidades de conciliación familiar, pero que podería contribuir no benestar das compañeiras e compañeiros da universidade.

CARREIRA PROFESIONAL NO ÁMBITO ACADÉMICO E... COIDADOS?

UNHA VIAXE AOS MALABARISMOS INVISIBLES –E O SEU NESGO DE XÉNERO

OLGA ROMASANTA / REDACCIÓN



Foto: Charo Lopes.

Afecta o xénero nas traxectorias profesionais do ámbito académico? Os coidados e o seu desigual reparto están condicionando as posibilidades de desenvolvemento e benestar laboral dos diferentes roles que traballan na comunidade universitaria? Estanse poñendo as vías e ferramentas para apoiar eses traballos de coidados e a quen os ten que asumir? E dentro do propio traballo académico, danse dinámicas sexistas no que atinxe ás responsabilidades de coidados?

Con este feixe de interrogantes sentamos con dúas figuras do persoal docente e investigador desta casa, que nos abriaron as portas dispostas a falar do que non se nomea tanto, a deixar ver o que se mantén fóra dos currículos e méritos. Son Carmen Mariño, profesora na Escola de Enxeñaría Industrial, na área de Ciencia dos Materiais (Vigo), e Xabier Martínez Rolán, profesor en Comunicación Audiovisual e Publicidade (Pontevedra). Entremos até a cociña, entón.

Como é o voso almorzo antes de comezar o voso quefacer como traballadoras da UVigo? Preparádesllo a alguén? Sabedes se fai falta agora mesmo algo na despensa da casa?

(Risas)

Carmen.- Eu teño dúas fillas, este ano á miña muller tócalle facer o almorzo e logo eu continuo co proceso: dar de almorzar, vestir, levar á escola... Cando eran máis pequenas ao deixalas no colexio pensaba, «e eu hoxe, almorcei?». E si, ben sei o que falta na despensa. Antes viviamos nunha casa na que eramos cinco adultas, catro nenas e un gato, cunha loxística ben complicada, así que establecemos un grupo de Whatsapp onde anotamos o que falta para que quen estea libre o vaia mercar. Nós non temos avós, ou nos organizamos ou non comemos.

Xabier.- Carai, que organizada es! Pois eu hoxe almorcei ao volver

de levar os nenos ao cole. Tamén teño dous, e como me desprazo menos para traballar e a miña parella está agora en promoción e bota máis tempo fóra, o lóxico é que apande eu con máis cousas da distribución doméstica. E si, tamén sei o que hai e o que falta, neste momento estamos a mínimos (risas).

«PODES VER UNHA FOTO DUN NENO NO DESPACHO DUN HOME, PERO NON FALAN DISO, DAS EXTRAESCOLARES, DA COMPRA... NÓS ESTAMOS TODO O DÍA CORRENDO, E ISO IMPACTA MOITO NO NOSO TRABALLO»

Cal é a vosa relación actual co tema dos coidados? Sempre foi así?

C.- Para min agora é un tema central, todo xira arredor do coidado das fillas, marca os horarios, o que se pode ou non facer, o que tes que facer para poder dar coidados despois... A miña familia comezou antes de chegar eu a ser traballadora da UVigo, así que non coñezo outra realidade.

X.- Claro, é transversal, condiciona todo. Non temos moita marxe para decidir horarios, pero tratas de coller materias que che poidan encaixar coas rutinas do día a día. Tamén noutro tipo de actividades: eu escuso ausencia por incompatibilidade familiar sempre que poñen unha convocatoria de consello de departamento ou xunta de facultade ás 9 ou ás 13:45. Isto afecta a máis ámbitos, non podes ir a un congreso onde durmas fóra se non tes o sostén da parella ou da rede.

En relación con isto que xa comezades a nomear, como ten sido a vosa experiencia para incorporar os coidados (propios e a outras persoas) na vosa traxectoria profesional? Que factores teñen sido claves na vosa fórmula máis ou menos correspondente?

X.- Para min a palabra é «malabares». Fácil non é, aínda que non sei como pero todo acaba saíndo adiante. Houbo momentos de inflexión como as acreditacións, a preparación da oposición... que foron case traumáticos. Para nós é importante ter tanto a miña muller coma min algunha actividade propia, no meu caso o piano. Con todo, noto a merma nas miñas capacidades académicas, ponte ti algún día a redactar...

C.- Nas capacidades, e na paciencia! Para min a palabra é «correr». Eu aínda non tiven que facer acreditacións, pero si traballo fin de grao,

fin de mestrado, tese... acabei cun tic nun ollo. Chego a casa correndo, non teño ningún momento ao volver para descansar ou pensar. Soa mal dicilo, pero coidar academicamente é un lastre. Para min compensa, eu prefiro que as nenas queiran vir comigo, pero é complicado. Cando ti estás nun apuro sabes ademais que estás cargando á outra persoa.

X.- Non che dá a sensación, se te comparas con outras colegas, de que ao ter nenos estás facendo unha carreira coa man atada ás costas?

C.- Claro, non ten nada que ver. Na tese víao ben, porque as persoas que a fixeron comigo non tiñan crianzas e a situación era ben diferente. Síntome moi comprendida polas miñas compañeiras de departamento, que curiosamente para ser esta área son todas mulleres. Elas xa tiveron fillos e cando me vían traballando a tempo completo, cunha substitución, o mestrado de docencia, as dúas fillas,... dicíanme que era unha loucura e apoiábanme.

Falades dos coidados como límite no desenvolvemento da vosa carreira profesional. O informe *Xénero e investigación científica na Universidade de Vigo en tempos de COVID-19* evidenciou as diferenzas na realidade da conciliación entre homes e mulleres do PDI (Persoal Docente e Investigador). Percibides diferenzas sexo-xenéricas?

X.- Mira, collendo o exemplo do confinamento: para nós non foi unha mala etapa, non había que correr fóra. Temos un cuarto de estudo, organizamos horarios entre a miña muller e máis eu, e quen non estaba aí coidaba os nenos fóra. Agora ben, notouse claramente na produción científica, que se disparou nas persoas que non tiñan nenos, sobre todo nos homes. Duplicaron publicacións no 2020 e 2021.

C.- Para min o confinamento foi difícil, estaba arrancando a traballar, a miña muller estaba embarazada e atopábase mal, e xa tiñamos outra nena. Eu estaba intentando ver como facer as cousas lonxe dos meus xefes, intentando chegar ás entregas pero con confusión, e preocupación de que ela estaba coa nena e se atopaba fatal. Non sei como o levou o resto, pero o que si vexo é máis mulleres que saen correndo. Aquí, podes ver unha foto dun neno no despacho dun home, pero non falan diso, das extraescolares, da compra etc. Teño traballado no departamento con fillos das miñas compañeiras enfermas porque non tiñan con quen quedar. Pasa iso cos homes? Terán fillos, preguntome? Vexo diferenzas moi marcadas.

X.- Se comezas a mirar os *checks* académicos... É moi fácil ver as diferenzas entre homes e mulleres. Nunha parella, quen vai de estancia de investigación e quen queda?

C.- Totalmente, eu fun só neste tempo a un congreso a Santiago, porque podía ir e vir no día. Tampouco é que queira ir, porque sei que cando non estou eu, a carga para a outra persoa é maior, e aínda por riba as nenas bótante de menos. Se pode ir outro e facer a presentación...

X.- O problema é que é parte do noso traballo, e ao final esas cousas contan moito. Se non vas a congresos, non coñeces xente, non te meten en proxectos... O que se avalía non é a túa capacidade investigadora, se non a túa capacidade de tirar proveito do capital social que tes, os contactos. Quen te mete como editora nunha revista? No comité científico dun congreso? Alguén con quen tes unha relación previa, e iso vén de asistir a todos estes *saraos* académicos que forman parte deste baile que temos que facer.

Se pensades máis alá da crianza, coñecedes outras situacións de coidados no voso arredor que estean dificultando o traballo das vosas colegas? Son homes ou mulleres quen as asumen? Contan con apoios suficientes?

X.- Con certeza. A medida que os coidados dos máis pequenos avanzan, tamén o fan os coidados das persoas maiores, que -vaia sorpresa- tamén asumen as mulleres. É complexo de solucionar, mesmo se falamos só da universidade, porque somos tres colectivos moi heteroxéneos: as necesidades do alumnado, do PTXAS (Persoal Técnico, de Xestión e de Administración e Servizos) e do PDI son moi diferentes, non todos temos a mesma capacidade de adaptación ou obrigas laborais...

C.- Eu o que máis coñezo son colegas con fillos, pero teño outros casos próximos como o dunha compañeira investigadora que coidaba da sogra. Véñenche por todos os lados, é unha trama moi enredada.

«SE PENSO EN CLAVE DE UTOPIÁ, GUSTARÍAME PODER TER CONVERSAS COS COLEGAS SOBRE PEQUENOS SEN QUE SEXA RARO POR SER UN HOME»

Que potencial teñen traballos como os vosos para apoiar a transformación cara sociedades igualitarias e coidadosas?

X.- Temos unha responsabilidade moi grande. Non só impartimos unha materia, quero pensar que ensinamos a pensar e manter unha ollada crítica. Preocúpame a perspectiva de xénero e intento incluíla nas materias, aín-

da que nalgunhas, como desenvolvemento web, me custe atopar referentes femininos. Analizamos memes machistas, subculturas da *manosfera*,... cousas que forman parte do noso día a día como unha choiva fina. E queda traballo por facer: teño tido discusións amargas en planos de estudo con compañeiros e compañeiras, ao recibir resistencias a introducir a materia de comunicación e xénero; non se trata dunha cuestión menor, todo o mundo sabe que se metes xénero como un descritor se dilúe.

C.- Eu, ao estar nunha enxeñaría, vexo moito o potencial. Só por estar aí, coa miña idade, xa estás desmontando estereotipos. E logo coas actitudes e límites que podes poñer. O outro día na materia de Oficina Técnica fixeron grupos de traballo nos que tiñan que escoller persoa coordinadora, e todas as que saíron eran mulleres. Un rapaz dixo «veña, mandona» ao referirse a unha destas compañeiras. Parei a clase e díxenlle «estamos nunha profesión masculinizada, xa sei que é unha broma, pero non se pode facer, e menos neste contexto. Xa para nós é difícil estar nunha enxeñaría». O rapaz a verdade é que respondeu ben, agradeceu que llo sinalara. Se como docente e investigadora tes a cabeza na igualdade hai moito que podes facer.

E que se pode facer tanto a nivel institucional como pola propia comunidade universitaria para apoiar a transformación cara sociedades coidadosas e igualitarias? Estase facendo?

C.- Para min o primeiro sería reducir os horarios de traballo. O que se vén facendo é aumentar as horas que poden estar as cativas nos coles, pero o que teñen é que estar con nós. Penso que non pasa nada por reducir horas de xornada para todo o mundo agora que a tecnoloxía pode apoiar en moitas tarefas. A maiores, poñer menos impedimentos ás reducións de xornada e á flexibilidade horaria. Sei que hai unha ferramenta para conciliación nos horarios, que se teñen en con-

ta as responsabilidades de coidados, pero até onde sei isto non ten unha implantación moi ampla.

X.- Si, hai medidas que se están implementando, quizais as máis visibles son as que teñen que ver con «ladrillo» como son as salas de lactación. Desde logo, non son suficientes. Creo que é importante que as reunións dos órganos de goberno se convoquen nun horario compatible coa conciliación. Esta é unha medida fácil, pero tamén evidencia a pouca empatía que hai por parte da meirande parte das persoas que están nos órganos de poder. E están nos órganos de poder quen pode permitirse entregarse de cheo á vida profesional ou académica... ao final é unha pescada que morde o rabo.

Se pensades en clave de utopía dende a vosa praxe actual, como imaxinades un mundo igualitario no que atinxen ás masculinidades e os coidados?

X.- Probablemente pola etapa na que me atopo non o imaxino agora mesmo, a verdade. A min gustaría poder ter conversas «de mamás» sen que sexan «de mamás», participar de conversas sobre coidados dos pequenos sen que sexa raro por ser un home. Ou naturalizar situacións como «desculpade que chegue tarde, pero tiven unha emerxencia na casa cos cativos...». Son pequenos micromachismos que me gustaría que fosen quedando atrás.

C.- A min tamén me custa imaxinar esa utopía. Vivimos nun mundo moi patriarcal e sexista, e cambiar iso implicaría un traballo absolutamente sobrehumano en todas as fronteas. Non é fácil quitarnos desa idea establecida de que os homes «axudan». Seguen tendo dificultade para verse -e que os vexamos- como persoas de coidados, non é «o seu rol», como se os quitara da masculinidade. Habería que queimalo todo e comezar de cero para construír esa utopía... pero podemos dar pasos nesa dirección para que cada vez estea máis próxima.

Fonte: Charo Lopes.



Para autoras como Yayo Herrero, os coidados son todas aquelas tarefas que permiten xerar de forma cotiá condicións de existencia para todos os seres humanos, e para o conxunto da vida. Dende este paradigma ecofeminista, falar de coidados é moito máis que falar de conciliación; supón abrírmonos a revisar cun ollar macro toda a organización do mundo que coñecemos.

O mundo sostense grazas a cantidades inxentes de traballo reprodutivo invisibilizado, que asumen maioritariamente as mulleres. O noso xeito de relacionarnos coa terra é depredador, baséase en lóxicas de espolio nas que o centro é o lucro económico e non a vida, lóxicas que nos están levando a unha crise sen prece-

des. Esta alianza ecocida entre patriarcado e capitalismo atravesada todas as formas de organización e relación que nos rodean; no seu cuestionamento e formulación de alternativas os feminismos (e neles, as masculinidades coidadosas) teñen moito que dicir.

Na órbita da Universidade de Vigo florecen iniciativas atravesadas por esta perspectiva, que cuestionan o paradigma do crecemento, urbanocéntrico e produtivista; e apoian a construción de alternativas. Nesta sección propoñemos un achegamento a algunhas destas accións que hibridan investigación e acción, academia e sociedade, para tratar de dar resposta aos grandes desafíos do noso tempo.

ENCONTROS INTERNACIONAIS EN PONTEVEDRA DEBATEN SOBRE DECRECEMENTO, ECONOMÍA E SUSTENTABILIDADE

CRISTINA VÁZQUEZ E MARIO PANSERA

POST-GROWTH INNOVATION LAB, UNIVERSIDADE DE VIGO / INTEGRANTES DO COMITÉ ORGANIZADOR DA CONFERENCIA INTERNACIONAL ESEE-DECRECEMENTO 2024

Entre o 18 e o 21 de xuño este ano Pontevedra converteuse na capital europea do decrecemento. O evento «Ciencia, tecnoloxía e innovación máis aló do crecemento: cultivando a creatividade colectiva para un futuro sostible», que englobou a 10ª Conferencia Internacional de Decrecemento e a 15ª Conferencia da Sociedade Europea de Economía Ecolóxica (ESEE, siglas do inglés: European Society for Ecological Economics), constituíu unha oportunidade privilexiada para reflexionar desde o territorio galego sobre modelos económicos decrecentistas e feministas. Cristina Vázquez e Mario Pansera, do comité organizador, achegan unha crónica sobre este espazo.

A economía ecolóxica e o decrecemento son campos que están a acadar un grande impacto e interese, e que se están a facer cada vez máis presentes tanto no ecosistema científico como no social. Daquela, cando no ano 2022 nos propuxeron encargarnos da organización, de maneira conxunta, da conferencia internacional de decrecemento e da conferencia da Sociedade Europea de Econo-

mía Ecolóxica, soubemos decontado que debiamos aceptar o desafío, xa que se trataba dunha ocasión única para situar a cidade de Pontevedra, a Universidade de Vigo e o noso grupo de investigación, no mapa de referentes internacionais dentro destes eidos.

Comezamos así a traballar para preparar unha conferencia na que dende o primeiro momento tivemos



claro que as mulleres e a igualdade debían xogar un papel destacado, en liña cos valores de feminismo que, xunto con outros como os de cooperación, sustentabilidade, solidariedade ou inclusividade, están intrinsecamente vencellados ao decrecemento e á economía ecolóxica. Con estas premisas comezamos os preparativos dun evento do que esperabamos que, ademais de ser un punto de encontro para o persoal académico internacional, puidese servir de ponte entre a academia e a sociedade. É dicir, propuxémonos construír un grande evento intelectual e social co

que facer partícipe á cidadanía da actividade que durante case unha semana inundaría Pontevedra.

A Conferencia ESEE-Decrecemento 2024 tivo lugar entre o 17 e o 21 de xuño, e durante eses cinco días o Campus da Xunqueira, o Pazo da Cultura, e diversos espazos espallados pola cidade acolleron máis de 200 sesións académicas paralelas e diálogos plenarios, e 22 actividades non académicas abertas á cidadanía. A ollada feminina e feminista estivo sempre presente, conseguíndose dar forma a un evento no que tanto no seu programa académico coma no



Imaxe da mesa redonda «Decrecemento e feminismo», no marco da Conferencia. Fonte: cedida.

emerxencia climática, ou a proxección e debate ao redor dunha obra satírica do grupo de teatro e cabaret Las Reinas Chulas (México) sobre a xustiza tecnolóxica feminista e decolonial que cuestiona as dinámicas extractivas ao redor da tecnoloxía e a propiedade intelectual.

Con este evento quedou demostrado que outra forma de facer ciencia é posible, unha na que as necesidades e intereses da sociedade se poñan no centro e se traballe con, por e para ela, na que a academia se mesture coa cidadanía, co activismo, cos movementos cidadáns. En definitiva, unha ciencia máis democrática e máis social.



social a muller ocupase un espazo relevante.

Así, na parte académica do evento, ademais de contar con comités organizadores e científicos integrados por unha maioría de mulleres, organizáronse varias sesións especificamente dedicadas a liñas de investigación e traballo con enfoque feminista, entre as que destacan as sesións «Crecer para decrecer: unha sesión de contacontos con mulleres agricultoras de redes alimentarias alternativas de Galicia», na que cinco mulleres compartiron historias das súas viaxes persoais, motivacións, experiencias e desafíos como agricultoras nas Redes Alimentarias Alternativas galegas; «Modelos feministas de enerxía alternativa: un laboratorio de aprendizaxe para unha transición xusta cara un futuro sostible», unha reflexión sobre os retos da emerxencia climática e dos modelos enerxéticos dende unha óptica de economía feminista decrecentista; «Forxar masculinidades para un futuro poscrecemento pracenteiro», obradoiro para promover exploracións máis profundas sobre as interaccións teóricas, empíricas e aplicadas entre masculinidades, ciencia, tecnoloxía e innovación; a sesión interactiva «Decrecemento e Patriarcado: resumindo un proxecto ecofeminista, pluriversal, multicultural, xusto e decolonial», na que se reflexionou de maneira colectiva sobre até que punto unha plena adhesión aos valores do decrecemento pode resumirse como un afastamento do patriarcado, ao ser este a raíz de moitos dos problemas que afrontamos como o capitalismo, o colonialismo, as desigualdades de

xénero ou a dominación ambiental; ou varias sesións de traballo organizadas pola Alianza Feminismos e Decrecemento (FADA), unha rede de persoas académicas, activistas e profesionais nacida no ano 2016 co obxectivo de fomentar o diálogo e integrar a análise e os razoamentos de xénero no activismo e nos estudos sobre decrecemento.

O programa social non se quedou atrás no que á visión feminina se refire, xogando esta un papel relevante que se puxo de manifesto dende o primeiro día ao inaugurárense as actividades abertas á cidadanía cunha mesa redonda titulada «Decrecemento e feminismo: como construímos a transición ecosocial» na que as académicas e activistas Amaia Pérez Orozco (Colectiva XXK), Nina López (Global Women's Strike), Stefania Barca (Universidade de Santiago de Compostela) e Bibiana Martínez (Universidade de Santiago de Compostela) encheron por completo o aforo da Casa das Campás para conversar coas persoas asistentes sobre como pensar unha transición ecosocial dende unha perspectiva feminista co decrecemento como movemento central, e que se pechou cun espectáculo de danza e expresión corporal titulado *Como alabar en voz alta*, interpretado pola artista Eva Comesaña. A oferta completouse o resto da semana con outras actividades en chave feminina en diversas linguas abertas ao público como a proxección do filme 2020: *The Walk*, que mostra a viaxe realizada a pé pola artista e activista Marta Moreno Muñoz de Granada a Helsinqui para concienciar sobre a

QUERES SABER MÁIS? AFONDA COAS SEGUINTE LECTURAS:

Barca, Stefania. (2020). *Forces of Reproduction: Notes for a Counter-Hegemonic Anthropocene*. Cambridge University Press.

Pérez Orozco, Amaia. (2014). *Subversión feminista de la economía. Aportes para un debate sobre el conflicto capital-vida*. Traficantes de Sueños.

Pérez Orozco, Amaia. (2023). «Decrecimiento Ecofeminista para sostener el Buen Convivir». *Rizoma freireano*, 34.

Fonte: cedida.



ARQUEOLÓXICO, FEMINISTA E DE ALDEA

ÓSCAR PENÍN ROMERO

TÉCNICO DE I+D DO GEAAT (GRUPO DE ESTUDOS DE ARQUEOLOXÍA, ANTIGÜIDADE E TERRITORIO) DA FACULDADE DE HISTORIA DE OURENSE



Que hai aí onde se cruzan masculinidades coidadosa e territorio? Óscar Penín, historiador, investigador e docente na Facultade de Historia de Ourense, comparte neste artigo de opinión algunhas reflexións froito do seu traballo en numerosas iniciativas de socialización do patrimonio no medio rural, atravesadas por unha perspectiva feminista e comunitaria.

Dicía Risco que a «A terra d'un débese andar d'a pé» e eu engadiría «para pór o foco con calma sobre as cousas importantes da vida». É esta necesidade de foco a que me fixo retornar ao rural, a min e a outras, e aínda que non é un movemento masivo, trátase dunha nova esperanza para un xeito de habitar o territorio que perdurou ao longo de case dúas e media de séculos.

Durante mil cincocentos anos foi a aldea un mundo perfectamente recoñecible. O seu corpo naceu coa caída do Imperio Romano e organizouse arredor de espazos de poder, normalmente un castelo e/ou unha igrexa parroquial. Esta estrutura repetíuse polo territorio galego até crear o noso hábitat máis emblemático. Somos capaces de diferenciar unha urbanización no rural dunha aldea debido a que esta última ademais dun corpo ten unha alma. Na aldea pasan cousas e prodúcense cousas, como ben se sabe na TVG.

Esta alma esta cosida nunha organización social milenaria, coas súas luces e as súas sombras, especialmente no que se refire ao rol socioeconómico das mulleres e as lentas

mudanzas neste. Por exemplo, reconece a UE que case o 70 % dos posuidores das explotacións agrarias son homes, por máis que na meirande parte dos casos se trate dun traballo compartido. Tamén está a violencia de xénero no rural, con tinguiduras de auténtica *omertá*.

Pero aínda que as mudanzas sexan lentas, a mellora é unha posibilidade tan latente nun pobo do Courel como o pode estar no barrio de Coia, en Vigo. De feito, a proximidade e familiaridade dos espazos sociais da aldea, son unha baza a favor nosa.

Cando as ideas feministas comezan a chegar ao rural no século XX, os espazos de socialización eran a taberna e a igrexa. Dionisiaco fronte apolíneo ou o Diaño fronte a Deus. Ambos lugares rexidos baixo a ollada dos varóns e con roles ben definidos para as mulleres: nais ou (case)prostitutas.

Se a chegada deste modelo até o século XXI se pode explicar pola intrínseca alianza co patriarcado, a súa decadencia tamén chama pola mudanza feminista. Os problemas do rural teñen os homes de mediana idade ao volante, o futuro do rural terá as mulleres e as mozas como condutoras.

Mulleres como Helena que coa súa titulación en Empresariais acreditada pola Universidade de Vigo, deulle unha nova vida ao bar da súa vila mudando a estética dos anos oitenta mestura de viño, *sugus*, *palotes* e xabaráns disecados (eu, por moito que o neguen, sigo a afirmar que este foi a orixe do famoso club televisivo) por un anovado espazo onde o feminino xa non ten a barreira baixada e que serve de cuartel para outras iniciativas que esta limiá encabeza no eido da gandaría. Helena é unha, pero podería nomear a Noe, a Lola, a Nuria, a Araceli ou a Paula.

Mais non só a partir do individual mudan as cousas. O despoboamento non só destrúe as edificacións, destrúe os territorios, a memoria colectiva e a identidade mesma. Sen espazos sociais, non hai aldea! Non podemos ir para o rural vivir como nas cidades e levar connosco o grande mal do século XXI, a soidade.

Un posible camiño alternativo provén do patrimonio en comunidade. Un escenario no que o rural perde espazos sociais públicos como escolas, centros de saúde, bares ou igrexas, ou está chamado a crear lugares de encontro, a través da súa hibridación

con disciplinas artísticas (teatro, música, danza, cinema e cultura en xeral), tecnolóxicas (RR.SS., webs 2.0, libro dixital...) ou científicas (ciencias da saúde, bioloxía, agroalimentar etc.).

O obxectivo é crear unha contorna amable na que desenvolver procesos nun contexto fráxil, cun patrimonio nunha situación de desamparo administrativo e mediático en favor dun patrimonio urbano que se pensa máis beneficioso a nivel económico, facilitando procesos de apoderamento dos bens comúns, xerando coñecemento propio froito da memoria colectiva e do traballo dos referentes locais que en contadas ocasións tiveron a oportunidade de compartir discurso co mundo da cultura, digamos, «normalizada».

É nisto último onde se enmarca a acción do equipo de investigación do GEAAT (Grupo de Estudos de Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio) da Facultade de Historia do Campus de Ourense. A presenza do Grupo no rural é moi ampla, con proxectos referenciais como o das pinturas rupestres do Val do Támeaga, o castro de Armea ou o castelo de Lorbazán. Tamén os proxectos dirixidos por min: RURALISTO.ORG, PEDRA e ALDEARMOS. Programas expansivos de cultura que buscan a consolidación de novas referencias sociais, en espazos abertos e de valor para as colectividades como castelos, igrexas, castros, airas ou a propia natureza. Como di o activista Anxo Moure: «no rural están os mellores escenarios. Non podemos esquecer que os auditorios están feitos do mesmo cemento que as prisións e os cemiterios».

Esta mediación coa poboación local, unha óptica de coidados, ten o obxectivo de contribuír para consolidar espazos comunitarios, especialmente os liderados por mulleres, que sirvan para preservarmos o noso legado, para axudar a que as persoas maiores non se sintan soas e para que a cativada e as mozas teñan oferta de ocio e cunha óptica feminista. En definitiva, lograr un desenvolvemento económico pero tamén social conservando os bens comúns a través de outorgarlle unha nova utilidade e paliar a fragilidade do rural cos postulados do feminismo.

QUERES SABER MÁIS? ACHÉGATE ÁS SEGUINTE INICIATIVAS:

Pedra, Festival de Saberes

PEDRA é un festival de saberes celebrado no 2022 como foro de debate e reflexión entre artistas, cidadanía e universidade. Nel conflúen o coñecemento de tres ámbitos esenciais para a comprensión social: o saber herdado, o creativo e o científico. Conta coa participación da poboación local, principal obxectivo da programación, xunto co concurso de artistas afinados no territorio e da propia Universidade de Vigo.

—
ruralisto.org/pedra-festival-de-saberes/

Aldearmos

O proxecto Aldearmos é un ambicioso programa de democratización cultural do e no rural de Lugo e Ourense, no que artistas do rural itineran as súas creacións por distintos espazos que forman parte da Rede Aldear. Esta rede aposta pola cooperación e interdependencia para manter vivos os ecosistemas culturais a partir do pequeno, loitando contra a homoxenización da cultura e defendendo a idea de decrecemento cultural.

—
ruralisto.org/aldearmos/

Congreso SOPA

O SOPA (Congreso Internacional de Socialización do Patrimonio no Medio Rural) busca emancipar o coñecemento mediante a expansión de saberes relacionados co patrimonio cultural e a co-creación de contidos e metodoloxías. Este ano, na súa duodécima edición, congregou no rural de Ourense a dúas de axentes con implicación na investigación e intervención neste ámbito.

—
ruralisto.org/congreso-internacional-de-socializacion-do-patrimonio-no-medio-rural/

«O PROCESO DE DECONSTRUCCIÓN DA MASCULINIDADE PATRIARCAL É DESAFIANTE E, MOITAS VECES, FRUSTRANTE, ESPECIALMENTE CANTO MAIOR É A IDADE»

ENTREVISTA A JOSHUA ALONSO MATEO
ESPECIALISTA EN PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO

REDACCIÓN



Joshua Alonso Mateo. Fonte: cedida polo autor.

Joshua Alonso Mateo é técnico superior en Promoción da Igualdade de Xénero e director do programa «Género Educa», unha iniciativa centrada na prevención da violencia de xénero, promovida pola empresa Grupo Koremi, con sede en Vigo. Fai parte do Consello Asesor Coeducativo de CLAVICO (Claustro Virtual de Coeducación) e é colaborador da Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social (AGARES).

En 2021 recibiu o premio Menina na categoría de resiliencia, outorgado polo Ministerio de Igualdade, que valorou o seu traballo na defensa dos dereitos das orfas e orfos da violencia machista. No 2024 foi galardoado co Reconocimiento 8 de marzo al compromiso masculino pola Dirección Xeral de Igualdade da Comunidad de Madrid, en consideración ao impacto transformador do proxecto Género Educa nas aulas e á súa contribución activa na loita contra a violencia machista e para a promoción da igualdade. Falamos con el para saber máis do seu labor.

Que supuxo para ti a nivel persoal a formación e desenvolvemento profesional como axente de igualdade?

Supuxo un verdadeiro punto de inflexión na miña vida persoal e profesional. Cando comecei, pensaba que xa coñecía bastante sobre a igualdade de xénero, os estereotipos e os prexuízos cos que convivimos diariamente. Ao cabo dun mes de formación, decateime de que non tiña un coñecemento real sobre o feminismo.

Este proceso formativo permitiume comprender de maneira máis profunda as dinámicas de poder e discriminación que atravesan a nosa sociedade. A nivel persoal, foi unha etapa de aprendizaxe e autocoñecemento que me levou a cuestionar as miñas propias crenzas e compor-

tamentos, especialmente na forma de relacionarme e tamén no que respecta ao cine, as series e a música que consumía. Fíxome ser máis consciente das inxustizas que vivimos no día a día e que moitas veces pasan desapercibidas. Todo isto reforzou o meu compromiso de traballar activamente por unha sociedade máis xusta e igualitaria.

Impartes charlas e obradoiros en contextos educativos. Cres que a túa achega é diferente por seres orfo dunha muller vítima dun asasinato machista? E por ser un home?

A miña experiencia persoal engade unha capa de realidade ao meu traballo. Ter vivido en primeira persoa unha situación de violencia de xénero que non ten volta atrás ofré-

come a consciencia de até que punto esta violencia está presente na nosa sociedade. Ademais, o feito de ser home neste ámbito, onde non hai moitos referentes, permíteme conectar de maneira singular co alumnado. Intento desafiar as normas tradicionais e mostrar que a igualdade é unha causa que nos beneficia a todas e todos. O meu obxectivo é romper estereotipos e demostrar que os homes tamén temos un papel crucial na loita pola igualdade.

Con que te atopas neses contextos, cal é a percepción da violencia de xénero nas aulas?

Atópome cunha mestura de rexeitamento, curiosidade e, moitas veces, descoñecemento. Moitos adolescentes están abertos a aprender e cambiar, pero tamén hai quen se nega a traballar estes contidos. Ao comezar os obradoiros percibo un certo rexeitamento debido á gran cantidade de charlas que reciben, nas que o alumnado actúa como suxeito pasivo. Coméntanme que, en moitos casos, a mensaxe que lles chega é que todos os homes son maltratadores ou que os obradoiros se centran sempre nos mesmos contidos teóricos, dos que xa están fartos e que din coñecer de memoria.

Con todo, cando comezo os obradoiros de Género Educa, onde empregamos unha metodoloxía baseada no xogo, eses contidos teóricos que xa coñecen deixan de ser repetitivos. A través das nosas actividades, conseguimos que experimenten en primeira persoa a desigualdade, e que tomen conciencia por si mes-

mos. É nese momento cando o obradoiro cobra verdadeiro sentido.

Intento sempre que o alumnado exprese as súas inquedanzas, dúbidas e a súa forma de entender a violencia de xénero, para poder chegar realmente a esas mentes en crecemento. Traballando con paciencia e empatía logramos desmontar prexuízos e fomentar unha comprensión máis profunda e crítica da violencia de xénero.

Neste xornal exploramos o tema da masculinidade hexemónica e os coidados. Para que se educa e para que non se educa aos nenos? Existe violencia na socialización masculina?

Tradicionalmente, os nenos son educados para seren fortes, independentes e competitivos, características que poden levar a unha desconexión emocional e á perpetuación da violencia. Existe unha violencia implícita na socialización masculina, que se manifesta na presión por cumprir certos roles e na represión das emocións.

Hoxe aínda que existen certas mudanzas na forma de socializar, sobre todo polas redes sociais e a nova maneira de consumir contidos en internet, estas dinámicas continúan presentes. É fundamental educar para a empatía, a colaboración e o coidado, co fin de romper estes patróns destrutivos e avanzar cara unha sociedade máis equitativa e respectuosa.

Como é o proceso de deconstrución da masculinidade patriarcal? Que pasa aí para os homes que o experimentan? Que o pode apoiar? Que o obstaculiza?

O proceso de deconstrución da masculinidade patriarcal é desafiante e, moitas veces, frustrante, especialmente canto maior é a idade. Por exemplo, traballando nun taller para a Escola de Protección Cidadá en Toledo, dirixido á Policía Local de toda Castela A Mancha, atopeime con reticencia e rexeitamento á autoreflexión sobre os comportamentos e actitudes machistas.

Este proceso require desaprender anos de condicionamento social e enfrontarse ás propias vulnerabilidades. O apoio de redes de persoas comprometidas coa igualdade, así como o acceso a información e recursos, son fundamentais para acompañar este camiño de mudanza. Porén, o medo ao rexeitamento e a presión social poden obstaculizar este proceso. Aínda que os modelos de referencia para a mocidade son cada vez máis diversos, segue habendo unha parte significativa que continúa a normalizar a masculinidade patriarcal como o único modelo aceptado.

Que se pode e debe facer nas institucións? Como podemos apelar aos homes para o cambio?

En primeiro lugar as institucións deben ser conscientes da realidade e valorar como corresponde o sector social co que podemos ofrecer ferramentas a toda a sociedade para impulsar unha mudanza real cara á igualdade. Deben liderar con exemplo, non só implementando políticas que promovan a igualdade de xénero, senón tamén proporcionando recursos para a participación activa dos

homes na loita contra a violencia. É esencial crear espazos seguros, ofrecer actividades e implicar aos homes para que poidan reflexionar sobre o seu papel na sociedade, promovendo narrativas que amosen os beneficios dunha masculinidade máis igualitaria e empática.

Que mudanzas serían prioritarias para os homes rexeitaren as violencias? Como fomentar as relacións de bo trato?

É prioritario educar a homes e mulleres dende unha idade temperá na empatía, o respecto, a equidade e a igualdade. Fomentar as relacións de bo trato implica ensinar habilidades sociais como a comunicación asertiva, a resolución pacífica de conflitos e o valor da diversidade. Ademais, é fundamental desmantelar os mitos da masculinidade tóxica que perpetúan a violencia.

Se pensas en chave de utopía a partir da túa praxe actual, como imaxinas un mundo igualitario no que atinxe ás masculinidades e os coidados?

Imaxino un mundo onde todas as persoas poidan expresar libremente as súas emocións, vestirse como desexen, tomar decisións laborais ou educativas sen medo ao xuízo alleo. Un mundo no que os roles de xénero non limiten as oportunidades de ninguén, e onde o coidado e a empatía sexan valores centrais na educación e na vida diaria. Unha realidade feminista na que a igualdade non sexa un obxectivo a alcanzar, senón unha realidade compartida.

Fonte: cedida.

SABER MÁIS

A Universidade de Vigo ten un compromiso firme contra a violencia de xénero. Se queres máis información e coñecer os recursos dispoñibles podes consultalos na web:



Coñeces as cápsulas sonoras sobre masculinidades «Feminismo para todo o mundo»? Podes escoitar a Joshua e outros homes da contorna da UVigo falaren sobre feminismo e masculinidades.



UTOPIÁS PARA A TRANSFORMACIÓN SOCIAL: UNHA VIAXE AO PAÍS DOS COIDADOS



Obra exclusiva para ilustrar o País dos Coidados, de Xoana Abreira de Bernardo, artista gráfica e ex alumna da Facultade de Belas Artes do Campus de Pontevedra da Universidade de Vigo.

Olga Romasanta / No século XV, a poeta e pensadora francesa Christine de Pizan compuxo *A cidade das mulleres*, unha obra onde xunta dúcias de figuras femininas ilustres da historia que imaxina xuntas nunha cidade convivindo, nutríndose, medrando e compartindo. É só un dos moitos exemplos que proliferan na historia de utopías feministas, territorios imaxinados construídos dende e para unha mirada crítica de xénero. Lugares que procuran desvelar convencións e opresións das nosas realidades, ao tempo que dárennos alento e horizonte cara o que camiñar.

Nestes tempos nos que nos rodea a distopía, moitas son as voces que reclaman a utopía como metodoloxía para a transformación social. «Homes de Coidado» incorporou esta ollada a través de dous obradoiros, desenvolvidos en maio e outubro de 2024, un para homes da comunidade universitaria, e outro para mulleres. Nestas sesións de traballo indagamos sobre os coidados

na nosa propia vida, os nosos límites, medos e proxeccións con este tema. Preguntámonos polo noso soño a respecto dos coidados e do xénero (conscientes de que mover esta peza implica mover o taboleiro ao completo), por que ten que pasar para chegar aí.

Os textos que compartimos a continuación son o resultado humilde destas sesións de traballo. Poderían incorporarse novas camadas a estas «utopías express», pero están ategadas de imaxes poderosas para a reflexión e a acción, calidoscópicas, contraditorias, vivas. E tamén no reverso, no que falta, nas que faltan, nas convencións do noso propio ollar, temos moitas pistas de por onde seguir traballando para construír sociedades realmente transformadoras.

A escritora de ciencia ficción Úrsula K. Le Guin dixo que «oporse a algo é mantelo... debes ir a algún outro lugar, ter outro obxectivo, entón comezas a andar outro camiño». Desfrutade desta viaxe que propoñe-

mos, e continuádeas para ensanchar os camiños do posible.

COMO O FIXEMOS? APUNTES METODOLÓXICOS PARA A REPLICABILIDADE

Viaxar ao País dos Coidados non é tarefa doada. Compartimos algunhas indicacións de como nos preparamos para esta incursión, co obxectivo de facilitar a súa replicabilidade noutros contextos:

1. Marco teórico dos coidados:

Que son os coidados? Que pasa con este tema na nosa sociedade? Como se cruza coa construción de xénero? Comezamos poñendo un breve marco teórico para a reflexión.

2. Liña de vida:

Trazamos unha liña que represente a nosa vida; nela listamos momentos relativos aos coidados. Mirámola e preguntámonos: Quen nos coidou? A quen coidamos? Que desequilibrios de

xénero percibimos? Dialogamos sobre isto en grupo, vemos o que emerge en común, e como se relaciona esa dimensión persoal coa estrutural.

3. Viaxe:

Facemos unha visualización por un territorio imaxinado no que os coidados están realmente no centro da vida, e non existen desigualdades de xénero. Este exercicio é primeiro individual, tómanse notas, compártense en pequeno grupo, e a partir da construción de un relato común integrando as diferentes visións.

4. Peche:

Reflexionamos sobre o que vimos, e tamén sobre o que falta nestas visións. Escollemos unha imaxe que resultara evocadora para cada participante nesa viaxe, e pensamos que podemos facer na nosa realidade, a próxima semana, para comezar a camiñar cara aí.



Momento no obradoiro de homes da comunidade universitaria. Fonte: Charo Lopes.

«A XEOGRAFÍA BÁSICA DO PAÍS DOS COIDADOS TEN AS PERSOAS NO CENTRO»

(O PAÍS DOS COIDADOS VISTO POLOS HOMES)
 TEXTO RESULTANTE DO OBRADOIRO PARTICIPATIVO QUE TIVO LUGAR
 O 5 E O 12 DE XUÑO DE 2024

O país dos coidados (PDC) é un lugar que ofrece a quen o visita experiencias ricas e variadas. Neste texto resúmense o que viron, sen limar sequera aparentes contradicións entre os seus reportes, presentando así una visión calidoscópica do PDC que alimamente o noso desexo colectivo para o seguir explorando, se non incluso a nosa emigración cara alí.

Neste lugar préstaselle atención ao espazo público, que é amplo, verde, accesible e agradable. O primeiro que chama a nosa atención é a súa organización e a súa énfase no benestar das persoas. A xente leva as crianzas en bicicleta e utiliza o transporte público, reducindo a necesidade de vehículos privados. As rúas son camiñables. As rúas teñen unha disposición radial, conectando as vivendas, nos radios, coas prazas e centros de uso público no centro. Estes espazos comúns conectan aos e ás coidadenses entre si, así como con valores e actividades compartidas.

Non só os espazos chaman a nosa atención, tamén a relación entre as persoas. Vemos ollos anciáns seguindo as carreiras das crianzas, que corren cos xeonllos rabuñados arredor dun pequeno grupo de rapazada que interroga, máis que agarda, as explicacións da bióloga que lles fala das plantas do xardín, todo coa presenza distante dun violín que semella familiar para todo o mundo. Non atopamos ollares preocupados

de persoas adultas dirixidas á cativada, que está integrada no balbordo, senón unha sosegada vixía conxunta.

Polas conversas que puidemos manter coa veciñanza deste curioso lugar, soubemos da eliminación de residencias para maiores e empregos precarios. Existe un fondo compromiso no PDC co coidado directo e a dignidade laboral. As xornadas laborais son sustentables, permitindo que as persoas teñan tempo para coidárense, con menos estrés e mellor alimentación. A xente é máis consciente da súa saúde e aspecto físico. Os dispositivos electrónicos son secundarios; redúcese o seu uso e a convivencia cara a cara é prioritaria. O sentimento de pertenza á comunidade é forte, as relacións entre a veciñanza son estreitas, con moito contacto e cooperación, fomentando unha comunidade cohesionada e solidaria. No PDC non teñen medo a pedir axuda -tampouco os homes- e son capaces de verbalizar as súas necesidades, deixando que outras persoas os coiden cando é necesario.

Semella que conseguiron algo que nas nosas sociedades é aínda un horizonte afastado: neste país, a diversidade nas formas de familia é unha realidade. Vense homes embarrazados e moitas familias monoparentais. A estrutura familiar tradicional é menos marcada, e o coidado da descendencia é compartido de maneira equitativa.

As persoas maiores non están resignadas nin á marxe da sociedade. Participan na vida comunitaria, sentíndose apoiadas e valoradas. A tecnoloxía, como os exoesqueletos, axuda ás persoas con problemas de mobilidade a mantérense activas e integradas:

Na nosa brevísima experiencia da Universidade Coidadense notamos tanto a falta de aulas para a recepción pasiva de coñecemento como a ausencia dun pacto tácito para producir persoas traballadoras con estreitas credenciais especializadas para un mercado baseado no crecemento permanente. O paso do alumnado polos figurativos muros da universidade percorría moitas disciplinas que nós consideramos debilmente conectadas, e atopaba unha praxe conxunta no seu desenvolvemento intelectual, que tamén enfa as mentes especialistas en disciplinas dispaes. Dalgún xeito, a erosión das barreiras que o xénero impoñía nas persoas abriu tamén novos xeitos de buscar e consolidar coñecemento.

A nosa visita foi curta e deixounos con moitas preguntas. Que industria ou empresa move as vidas desta xente? Onde quedan as facturas, pagadas ou expectantes, que sufragan este teatro vital? Faltounos por atopar mans atarefadas en levantar o edificio do aparente lecer que se presentaba ante nós, e marchamos coa sospeita de que había máis por ver.

A poboación coidadense que nos acolleu non se inclinou a falar moito de que pasou para chegar a este escenario. Pero da suma de referencias e historias a medio contar, voltamos cunha imaxe parcial dos eventos que precederon o establecemento da orde social, horizontal e paritaria, na que hoxe viven.

Nos tons angustiados das persoas máis vellas intuimos a memoria dun evento traumático que trastornou a sociedade pasada. Este evento quedou sen determinar, pero alusións veladas convidan a pensar que os tempos da mudanza, aínda que presentaron un chan fértil para medraren as sementes dunha sociedade mellor, viñeron acompañados de perdas importantes de vida. Historias de catástrofes superpóñense a rumores da caída simultánea de todos os homes en postos poder.

Hai quen nos fala de que o primeiro paso foi un acordo de consenso elaborado colectivamente. Outro dos elementos nesta transformación foi a incorporación dunha intelixencia artificial (IA) que axuda na toma de decisións e na resolución de conflitos, proporcionando solucións imparciais e equitativas, e fortalecendo a cohesión social e a xustiza na comunidade.

A educación xogou un papel crucial: as crianzas foron educadas nun novo escenario onde desaparecen os roles de xénero, creando individuos libres de estereotipos, conscientes e coidadosos. Os homes tiveron un papel activo nestas mudanzas, participando nas loitas para establecer os principios de respecto e igualdade, desafiando as normas tradicionais de xénero. A súa implicación foi esencial para promover unha cultura de coidado mutuo e solidariedade.





Momento no obradoiro de mulleres da comunidade universitaria. Fonte: Charo Lopes.

«É UN TERRITORIO PARA A VIDA EN COMUNIDADE, ONDE TODAS AS PERSOAS SE CORRESPONSABILIZAN»

(O PAÍS DOS COIDADOS VISTO POLAS MULLERES)
 TEXTO RESULTANTE DO OBRADOIRO PARTICIPATIVO QUE TIVO LUGAR
 O 16 E O 23 DE OUTUBRO DE 2024

Unha praza ampla. Crianzas xogando nunha rúa onde todo o mundo se coñece. Xente falando, animada, sen aglomeracións, coches nin teléfonos. É curioso, pero neste país tan exótico hai cousas que nos lembran a retallos da nosa vida, vimos cousas que algunhas das reporteiras, ou os e as nosas maiores, xa vivimos.

Na primeira impresión chamaron a nosa atención os espazos amplos, con edificacións de planta baixa, con portas grandes, cómodas para as persoas con dificultades de mobilidade. As casas estaban unidas, aínda que contaban con espazos privados, que quen os habitan semellan valorar e aproveitar tamén. Todas están viradas cara o espazo común, esa praza onde pasa todo. Había moita natureza, xardíns e hortas pola cidade. Está ben coidado todo, todas as persoas se corresponsabilizan no mantemento das vidas non humanas e as manteñen con primor. Chama a nosa atención no exterior a presenza de ovellas (entre moitos outros pequenos animais); encargadas de manter a herba sempre cortada e abonar o terreo, facendo máis sustentable e amable este lugar.

Vimos cousas semellantes ao que coñecemos, pero tamén outras totalmente inimaxinables e das que descoñecemos a súa operativa, alcan-

ce ou percorrido nesta sociedade. O que máis chamou a nosa atención foi un aparello, un trebello difícil de describir presente en moitos lugares do espazo público, coa función de liberar a mente de responsabilidades, de ruído. Quen o emprega pode deixar por uns momentos esa sensación fóra e escoitarse, verse e ver ao resto. Algo tan simple como visitar un museo conectada coa experiencia e sen cargar con responsabilidades, estar atenta das necesidades doutras persoas... Tan simple, e tan difícil de facer para as mulleres do lugar de onde vivimos.

Non nos puidemos fixar moito no funcionamento da universidade e as súas diferenzas co modelo que coñecemos, pero chamou a nosa atención ver moita presenza de mozos e mozas, por igual, debatendo, participando, rindo, con actitude crítica e moitas ganas de construír coñecemento e involucrarse. Había espazos para a vida en comunidade, e non se vían moitos dispositivos electrónicos.

Xa dentro do espazo doméstico, dominaban de novo os espazos amplos e diáfanos, todo estaba bonito e ordenado. Igual que na rúa, semella haber unha forte estrutura de coidados comunitarios; todo o mundo tiña moi presente o que hai que facer e envólvese en toda clase

de tarefas sen que, en aparencia polo menos, ninguén o ordenase.

Fixándonos máis nas persoas, algunhas de nós reparamos en algo que chamou a nosa atención: practicamente non había diferenza entre os corpos, e todas as persoas vestían dun xeito similar, cada quen coas súas particularidades, pero nada chamaba a atención nin evidenciaba o xénero. Non puidemos afondar coas e cos habitantes do País dos Coidados para saber como se sentían a respecto disto, pero si percibimos unha fluidez na expresión de xénero que nos resultou agradable. Houbo algunhas persoas que lemos como homes que foron moi amables, víaselles preocupados pola familia, pola comunidade, e investindo moito tempo nos coidados.

O coidado das crianzas, tanto no espazo público como no privado, está repartido dunha maneira fascinante. Son coidados comunitarios, repartidos de maneira equitativa: un día á semana varias persoas, identificadas cunha cor, coidan das nenas e nenos do seu lugar.

O mesmo acontecía coas persoas maiores, que están moi presentes no espazo público, onde as crianzas xogan. Isto provoca unha retroalimentación moi nutritiva para todas as partes, xa que as distintas xeracións

se mesturan. Unha das reporteiras do equipo tivo a oportunidade de falar con algunhas persoas maiores que non vivían no núcleo, se non noutro espazo de convivencia só para persoas maiores, deseñado por elas mesmas atendendo as súas necesidades e desexos. Nel, unhas persoas coidan doutras, e hai tamén persoas voluntarias que intercambian o seu tempo para apoiar nalgúns coidados que precisan axuda.



Esta primeira incursión dou pouco máis que para tomar notas do que vimos. Falta, para as vindeiras, podermos sentar con calma coas persoas que habitan deste lugar inspirador, e coñecer o que non se ve, as friccións, as metas que aínda existen, os camiños que tomaron e os pasos que deron para chegar aquí.

Polas conversas que escoitamos na praza, deducimos que no seu territorio se dou unha revolución cultural, non bélica; unha revolución moi profunda na que, esta vez, as mulleres non quedaron atrás. Se entendemos ben, nalgún momento dese proceso deuse un intercambio de cerebros entre xéneros, de maneira que as persoas socializadas como mulleres puideron experimentar no seu corpo a vivencia de ser home, con todo o que implica, e viceversa, eles puideron entender realmente que era iso da carga mental, das triplas xornadas, do ruído. Isto supuxo un cambio radical. Preguntámonos como farían para non viciar esa dinámica... Queremos dicir, para que as mulleres non quixeran quedar nese outro rol como por vinganza, algo como «agora tócame a min». O caso é que o conseguiron, o experimento durou un tempo limitado, e toda a sociedade tirou aprendizaxes sen volta atrás.



«A AUTOORGANIZACIÓN EN GRUPOS DE HOMES É UN PASO ADIANTE CARA A IGUALDADE»

REDACCIÓN



Fonte: Charo Lopes.

Participar en grupos de homes é un desafío e unha aprendizaxe. Un espazo seguro onde poder aprender a falar de vulnerabilidades, inseguridades e erros. Un lugar onde desenvolver a empatía e onde coñecer todo o bo que o feminismo ten para achegar ás vidas dos varóns.

Os grupos de homes naceron nos anos setenta, para acompañar a segunda onda do movemento feminista. Son pequenas asembleas de reflexión e apoio mutuo que procuran referencias e complicidades para repensar os propios comportamentos e valores, para rachar co modelo tradicional masculino. Son espazos de auto-cuestionamento, confidenciais e de aprendizaxe profunda.

Nahuel Pérez e José Expósito levan anos participando en diferentes grupos de homes.

Nahuel Pérez (Ourense, 1981) é escultor e ceramista. Traballou na hostalaría máis dunha década, e militou en diferentes espazos sociais de base. Hoxe fai parte do colectivo BDS Galiza de solidariedade con Palestina e está a participar na constitución dun grupo de homes no Centro Social A Galleira de Ourense. En Compostela estivo en dous grupos de homes: micromachinhos (2013-2018) e Cebolos (2015-2023).

José Expósito (Villaseca de Laciana, León, 1973) vive en Compostela desde a adolescencia. É biólogo pero traballa como xerente da produtora de circo Pistacatro. Formouse como axente de igualdade na UNED e ten traballado con moitos grupos de homes por todo o país e participado en diversos proxectos sociais e educativos con perspectiva de xénero.

Falamos con eles.

Cal é a túa relación co tema das masculinidades igualitarias? De que iniciativas participas ou participaches?

Nahuel.— Sinto que os homes cis temos que asumir a nosa responsabilidade para con a igualdade, a destruíción do machismo e deste sistema patriarcal que nos atravesa e é profundamente violento. Os GdH com perspectiva feminista som um, de vários jeitos de fazer isto. Agora, apenas participo dum pequeno grupo em formação em Ourense arredor do CS A Galleira.

Expo.— Eu comecei a miña andaina nun primeiro grupo de homes que se constituíu na Radio Kalimera a finais dos anos 90 do século pasado. A principios do ano 2000 a Asociación de mulleres Lilith contactaron comigo e déronme formación para que participase nos seus programas de educación sexual con perspectiva de xénero onde había unhas sesións de traballo segregadas e eu traballaba cos rapaces. Xa no ano 2010 A Candidatura do Pobo chamoume para impartir un curso de novas masculinidades e a partir desta experiencia comezamos co grupo de homes «micromachinhos» en Compostela co que estivemos activos até o ano da pandemia. Na actualidade sigo traballando con grupos de homes por toda Galiza.

Que necesidades ou motivacións moven a un home a sumarse a un grupo de masculinidades?

E.— Penso que aos homes, conscienciados ou non, fáltnos gratitudde con todo o traballo desenvolvido polos feminismos. Falta humildade para recoñecernos, faltan homes con corazón, que perciban a importancia e a oportunidade histórica que as transformacións feministas implican para toda a sociedade. Precisamos comezar a dar pasos e deixar de ir a remolque, ou á contra. Descubrir outros espazos, conversas e formas de relación, pois na base de todo está en xogo a igualdade e a diversidade. É unha cuestión fundamentalmente de cumprimento fáctico dos dereitos humanos. Dunha vida digna para a pluralidade de persoas que vivimos no mundo. Cando un non está cómodo na masculinidade dominante busca formas para mellorar a súa existencia.

N.— Inicialmente, diría eu que é a pressom des compis que nom som homes cis e do feminismo da nosa contorna, produto da sua maior consciencia e padecimento. Quizais, pedindo ou exigindo que nos responsabilizemos do que nos toca.

Depois hai un interesse nos homes que se achegan aos grupos em mudar actitudes, pôr algo de claridade com a sua masculinidade, conectar com a emocionalidade, poder falar de temas íntimos com segurança, equilibrar poderes, eliminar privilégios e reducir as nossas violências machistas.

Están as coidados presentes nesas motivacións? Cales son as experiencias ou reflexións compartidas?

N.— Fazemos um esforço grande em trabalhar os cuidados nos grupos. Ensaia um eixo fundamental da responsabilidade pola reprodución da vida; que, historicamente desenvolvem as mulheres, e que gera um desequilíbrio de poder do que nos beneficiamos. Responsabilizar-nos polos cuidados conecta-nos com a vida e a comunidade e re-equilibra a injustiça que gera a nosa falta de implicación.

Falamos muito dos cuidados na convivência com outros, parellas, familia, ... a carga mental dos cuidados, e sai muito o relacionamento com pessoas dependentes e filhes porque hai umha importante percentagem de papis nos grupos.

E.— Na miña experiencia este é o eixo fundamental da mudanza. O cambio de, chamémoslle, a figura do guerreiro preparado emocional e socialmente hábil para a dominancia e a predominancia do espazo público e das persoas por homes en evolución que comecen a habitar o mundo poñendo en valor os coidados, o íntimo, o privado. «O bo trato».

Que transformacións se producen nestes espazos e cal credes que é o seu potencial?

E.— Na miña opinión as transformacións van aos poucos e son fundamentalmente individuais-persoais, mais o feito grupal implica tamén unha transformación colectiva. Os grupos funcionan como espellos nos que mirarse. Lugares onde construir novas formas de facer e comunicar-

se. Como todo a profundidade desta transformación depende da constancia e aquí temos un *handicap*, pola miña experiencia, poucos son os grupos capaces de sosteren actividade no tempo.

N.— Na miña experiencia as transformacións experimentam-se se os grupos fazem um trabalho profundo e alargado no tempo. No pessoal: identificar os privilégios que esta sociedade nos atribui por ser homes. Mudar atitudes e comportamentos machistas do noso dia a dia com as pessoas com as que nos relacionamos. Espelhar-nos uns nos outros sobretudo na gestom de emocións e violências exercidas ao longo das nossas vidas. Questionamos as nossas masculinidades e trabajamos o que nos serve e o que queremos mudar. Reflexionamos como enfrentar quando nos acusam de machismo ou agresom para nom re-vitimizar e atuar desde a responsabilización. Mas o trabalho vai mui devagar.

No social, poderiam ser: tentar ser referente para outros homes e peques, romper a camaradagem masculina, e interpelar outros homes para que iniciem estes caminhos e se posicionem contra as violências machistas.

Un home que estea interesado hoxe no tema nesta zona, a onde pode dirixirse? Iniciativas en activo, recursos, formacións...

N.— Na Galiza depois de pandemia nom tenho notícia de GdH autónomos que estejam em activo e podam ter algo de proxección. Com certeza nom conheço todo o panorama. Agora hai milheiros de recursos em redes para trabalhar com homes. Até guias para iniciar andadura no teu colectivo ou entre homes interesados. Hai que criá-los!

O problema que temos os homes acho, é que vemos que esta é umha luita mui incómoda, na que toca trabalhar com a nosa merda, admitir ter privilégios e ser agresores. Como nom é fácil, preferimos continuar habitando os privilégios. Por isso estes grupos, no habitual som mui efémeros e nom logram calhar no tempo e na profundidade necesaria. Por isto as transformacións do ponto anterior nom sempre se produzem.

E.— O 26 de outubro comecei a dar un curso en Compostela. Co fin de incidir na constancia, traballaremos unha vez ao mes ao longo deste ano e o que vén. Poden informarse na páxina web de xaruma.org.

Tamén recomendaría coñecer o obradoiro «Homes con corazón» de Tareixa Ledo, que teñen como base a promoción do bo trato.

A nivel formativo e informativo recomendaría botar unha ollada á web AHIGE (Asociación de homes pola igualdade de xénero).

Se pensades en clave de utopía dende a vosa praxe actual, como imaxinades un mundo igualitario no que atinxe ás masculinidades e aos coidados?

E.— A verdade é que a realidade está sendo ben dura. O machismo atópase en plena reacción violenta contra todo o vulnerable. Sen disimulo atenta contra todo, contra todas as formas de vida que non sexan as impostas pola «normalidade». Contra a natureza, contra os seres humanos, contra o principio de realidade, contra as melloras político-sociais, contra o coñecemento, en fin, un desastre. A besta patriarcal e capitalista séntese acurrallada, sen futuro e resposta con violencia.

Pero se teño que pensar en clave de utopía e para ser breve un mundo igualitario sería aquel onde non farían falta os grupos de homes e o traballo reproductivo e comunitario tivese a mesma valoración económica, política e social que o traballo productivo. Viviríamos nun lugar onde o maltrato deixaría de ser a fórmula dominante de relación entre as persoas e das persoas coa contorna. Viviríamos entón nun mundo onde o bo trato sería categoría política.

N.— Nom tenho claridade, gostaria dum mundo, e umha Galiza, e umha Palestina, onde os géneros e os sexos nom tivessem importancia. Onde a comunidade e a colectividade fossem a unidade básica. A vida, o amor, os cuidados, o bo trato e a paz estivessem no centro. E as tarefas fossem repartidas em función das posibilidades e necesidades de cada quem.



Foto: Charo Lopes.

ARTE PARA REINVENTAR O CORPO, A SEXUALIDADE E A IDENTIDADE

REDACCIÓN

Ao longo da historia, a arte foi moito máis que un reflexo dos valores sociais: foi, e segue a ser, un dispositivo de poder que constrúe, lexítima e reproduce discursos segundo quen ocupa unha posición de poder. Desde a escultura de heroes míticos na Antiga Grecia até as idealizacións da virilidade no *David* de Miguel Ángel, as imaxes artísticas esculpiron a idea dunha masculinidade forte, poderosa e dominante, perpetuando un modelo hexemónico de home que aínda resoa na cultura visual contemporánea.

Estas imaxes non están asociadas soamente a unha estética, senón que son vectores de transmisión da ideoloxía dominante da época. Na Idade Media, a figura masculina asociouse a miúdo co divino e o sacro, como pode verse nas representacións relixiosas asociadas ás ideas do sacrificio e a autoridade moral. Posteriormente, no XIX, a arte europea foi

testemuña dunha transformación cara a exaltación das figuras masculinas vinculadas á construción da identidade nacional; retratos de líderes e escenas bélicas consolidaban un modelo de home ligado ao deber patriótico e ao valor.

O século XX, coa chegada das vangardas, marcou un punto de inflexión. As exploracións artísticas puxeron no centro ao individuo e o seu mundo interno, e a masculinidade comezou a representarse dunha maneira máis introspectiva e reflexiva, máis centrada nas loitas internas, crises e vulnerabilidades do ser humano. Así, as imaxes masculinas liberáronse, en parte, do seu papel de emblemas de fortaleza, abrindo unha porta para a representación máis libres e diversas. Na segunda metade do século entramos nun campo de experimentación, influenciado polos movementos sociais, os feminismos, a loita contra a SIDA e as reivindicacións dos dereitos

cívís etc. A arte, neste contexto, comeza a imaxinarse como unha potencial ferramenta de transformación social, onde se exploran narrativas alternativas que cuestionan a norma patriarcal. Este novo esquema vólvese cada vez máis inclusivo e plural, dando espazo a un panorama de identidades en constante cuestionamento e redefinición.

Na contemporaneidade, podemos achegarnos ás masculinidades na arte de maneira diversa e multi-forme, a través de expresións que van da tenrura até o poder, desde a vulnerabilidade ata a afirmación das diferenzas. Así, a arte convértese nunha biblioteca visual e emocional, un arquivo no que se conserva, cuestiona e reinventa o que significa ser home nunha sociedade complexa e cambiante.

Se poñemos o foco na realidade galega, a cada paso van xurdindo nomes de artistas cuxas obras conte-

ñen unha ollada sobre o mundo que se traduce en representacións de masculinidades disidentes. Moi probablemente, a figura de referencia neste ámbito sexa Roberto González Fernández, mais é sintomático o feito de que toda a súa obra se desenvolve entre Madrid e o Reino Unido. Contamos tamén cunha breve relación de artistas que tiveron importantes períodos de traballo *queer*, de cuestionamento das fronteiras entre os xéneros, como Mónica Cabo, Félix Fernández ou Salvador Cidrás.

En definitiva, hoxe en día, máis que nunca, a produción artística convídanos a observar as masculinidades desde diversos puntos de vista, permitíndonos examinar un amplo espectro de expresións identitarias e de xénero. Por iso, aínda que a arte funcionou historicamente como unha ferramenta para a consolidación das ideas dominantes, tamén foi e é un campo fértil para a

BAÑISTAS BATHERS

inspiración, a resistencia e a transformación, amosando a diversidade de formas de ser e sentirse home, máis aló do modelo patriarcal.

Arredor do ano 2014 o descubrimento da *found photography* ou fotografía atopada lévame á procura voraz de fotolibros sobre a temática gai e cultura *queer*. Convértome á par en coleccionista de vellas fotografías anónimas e artista a construír relatos plásticos e iconográficos con esas instantáneas atopadas. Como resultado de todo iso xorden fotolibros como *Bellos y desconocidos* ou *Bañistas Bathers*, en clave homoe-rótica e *queer*.

Bañistas Bathers (2018) está composto de fotografías que celebraban a nudez do corpo masculino en contacto coa natureza e a auga, dende as que cavilo na arañeira de conexións entre tempos e espazos. Reclamaba para os protagonistas das imaxes un espazo de hedonismo carnal, fronte a unha ditadura de varóns burgueses con traxe e dignos e a mulleres amosadas como obxecto único e om-

nipresente de desexo heterosexual para o deleite machista.


Na miña experiencia como crítico, curador e artista penso que traballar sobre o homoerótico e o *queer* na arte actual e na Galiza é un campo a cada paso algo máis común, pero desde logo aínda nada frecuente.



Xosé Manuel Buxán Bran

CGAC, 2018
Fotografía atopada

Explicitar o desexo homosexual non sempre é doado de ver nas estruturas museísticas e galerísticas galegas porque tampouco case ninguén o contempla como unha necesidade ou unha obriga cívica e social fronte á asunción e normalización que hai, porén, por reivindicar os feminis-



Xosé M. Buxán Bran é decano da Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo. O seu percorrido investigador e científico está intimamente ligado ás conexións entre arte e cultura *queer*, identidade sexual, xénero, feminismo e masculinidades. Centrado neses temas ten varios volumes publicados e un vasto número de artigos e ensaios editados en numerosos volumes colectivos. Traballa tamén na curadoría de exposicións, a xestión cultural e como editor de publicacións en arte contemporánea.

mos. Construír novas masculinidades foi unha tarefa que tomamos como propia os gais ao longo dos séculos, e que hoxe por fortuna tamén reivindicamos e entendemos moitos heterosexuais, grazas, sen dúbida, aos feminismos e á cultura *queer*.

ELLOS NO CONOCEN LA VEJEZ

Cristian Gradín

2008

Gravado láser sobre táboa
40 x 90 aprox.



Ellos no conocen la vejez é unha serie conformada por varias *collages* dixitais, gravadas a láser sobre táboas de cociña. Nestas composicións, herdeiras dos «solteiros» de Duchamp, quixen representar diferentes homes, amigos e amantes, a través de diversos obxectos cotiáns. A combinación destas imaxes, extraídas da publicidade en revistas dos anos sesenta e setenta, procura resignificar os espazos domésticos e contar historias excluídas das fontes

orixinais, relatos íntimos onde o afectivo e o sexual se funden creando un tecido de relacións, reforzado polas formas sinuosas dos bodegóns. A selección das táboas como soporte non viu dada apenas polo intento de ampliar o significado de utensilios asociados ao feminino no fogar. O feito de tratar-se de exemplares usados, afectados por marcas de corte e manchas na madeira, engadía o factor temporal, de experiencia e idade nestes obxectos,

presente no texto da táboa que dá título á serie.

A masculinidade é un tema recorrente no meu traballo, tanto en solitario como formando parte de «El Ama de Casa Pervertida» con Pablo Huertas. Utilizo as posibilidades tanto da *collage* como do dixital para recombinar, mutar e transformar o imaxinario popular, creando novas narrativas e pasados alternativos. Animacións como *Clever Boy* ou *Un hombre, demasia-*

Cristian Gradín é artista plástico e docente na área de Didáctica da expresión plástica da Universidade de Vigo. Son temas recorrentes no seu traballo artístico a construción social da masculinidade, a infancia e a memoria. A nivel teórico, céntrase na animación e nas posibilidades pedagóxicas dos medios audiovisuais no contexto dixital.

IG @crisgrcb

dos hombres, trataban da disidencia de xénero na infancia e da configuración da heteronorma, respectivamente, en *Acorazonada*, da Ama de Casa Pervertida, utilizamos o corta e pega dixital para rirnos da idea do amor romántico reflectida en libros e revistas do franquismo e a Transición. Ademais dos xogos sexualmente ambiguos de Duchamp, as miñas referencias visuais van dos universos cinematográficos de Michael Powell ou Buñuel até as animacións experimentais de Lewis Klahr e Martha Colburn.

AUTORRETRATO CON MONTEIRA AUTORRETRATO CON PANO BRANCO

Taro

Polaroid

Realizo fotografías e autorretratos de maneira instintiva pero tamén como forma de rexistro, para que o que son no presente quede conxelado no tempo, reflectindo nas imaxes as miñas inxedanzas con respecto ao eu, ao xénero e á performatividade do aparente. Defendo que todo consiste nun bucle de renacemento. Eu, como persoa non binaria sentín a

necesidade de establecer un punto e aparte, «matar ao meu anterior eu», na miña identidade para comezar o proceso de transformación constante.

A transformación é a miña maior obsesión. Xogar con máscaras, cos códigos da representación ou coa fluidez demostran que realmente a identidade se manifesta na mudanza

e na evolución en todo momento xa que se pode cuestionar, variar, debater, reinventar... Fascíname o rostro, concibido no mundo occidental como a expresión do ser, entendido como unha orixinalidade persoal pretendida, sèrveme para performar a identidade mediante maquillaxes, perrucas, elementos arquetípicos dos binarismos... pero tamén a través da ficción do ser, o autoretrato escenificado e os códigos da vestimenta revelo diferentes formas de expresarme, outros eus. Estas imaxes relacionan todo o anterior coa espontaneidade do formato polaroid facendo unha contraposición entre o procesual no contexto de formación dunha identidade. Estas canles modificadoras do aspecto, levan directamente ao drag, revelando ao máis puro estilo *ball*, todas as categorías nas que encaixa e habita o meu eu.

As fotografías de Claude Cahun ou de Jürgen Klauke, os filmes de Pedro Almodóvar, os textos de Paul B. Preciado e Judith Butler, Drag Race, Arca e compañeiros polos que teño profunda admiración como Yun Ping Li ou Al-

Taro é graduado de Belas Artes pola UVigo no ano 2024, e agora cursa o Máster en Investigación en Arte e Creación pola Universidad Complutense. Participou de diversas exposicións en Galicia, ademais de na VIII edición de «Fugas e Interferencias» nun ciclo de performance e no «#14 Encontro de Novos Artistas» na Cidade da Cultura.

IG @taro.mp

berto Ovejero son algúns dos nomes que considero referentes no meu traballo. Mediante os meus autorretratos agasállome o poder da morfose e do xogo. Defendo liberar o que nomeamos identidade para poder levalo ao plano do procesual e entenderse como diferentes partes ou fragmentos que axudan a desbloquear e conformar un eu total e evolucionado. Son un ser feminino, mutante, delicado e raro. Un mozo celestial aínda sabendo que non vou ir para o ceo. Deconstruído, montado e desmontado, todo e nada.



RECEITA DE TORTILLA DE PATACAS VEGANA

Antonio Alonso Rodríguez
PTXAS UVigo



refas é fundamental para que a relación funcione. Moitas veces rifamos por ver quen cociña porque gozamos moito desta tarefa.

Quixera compartir convosco unha sinxela pero moi rica receita de cociña. Coñecina non hai moito tempo nun blog dunha grande da cociña vegana coma é @peacelovevegan. Trátase dunha tortilla de pataca vegana.

OS INGREDIENTES SON OS SEGUINTE:

1 KG PATACAS GALEGAS.

1 CEBOLA MEDIANA.

500 ML DE CALDO DE VERDURAS (VALE CALQUERA COMERCIAL, SEN SAL, PÓR FAVOR) E SE O FACEDES VÓS PARA O ENGADIRDES, ISTO VAI A SER UNHA TOLEMIA.

100 ML DE LEITE VEXETAL (EU USO LEITE DE AVEA SEN AZUCRE)

100 G DE FARIÑA DE GARAVANZOS

40 G DE AMIDÓN DE TAPIOCA.

UN POUCO DE SAL NEGRO DO HIMALAIA (KALA NAMAK)

De pequeno teño o recordo dos meus avós maternos a traballaren man a man nas tarefas da casa e tamén na cociña. Cando non podía o meu avó, facíao a miña avoa e ao revés. Os domingos eran maravillosos, sempre ía á súa casa e facían unhas comidas espectaculares.

Isto trasladéino á miña vida actual coa miña muller e o meu fillo. En realidade somos un equipo de tres persoas na casa e todas facemos de todo. Para o meu punto de vista, a colaboración de toda a familia nas ta-

Todos estes ingredientes pódense conseguir en calquera supermercado ou herboristería. Aínda que algún non o coñezades, ánimovos a comezar a usalos porque son moi sans.

A preparación é a seguinte:

1. Cortamos as patacas en pequenos anacos, a coitelo directamente, sen medir, o que saia.
2. Cortamos tamén a cebola neste caso a anacos pequeniños para que as crianzas non protesten moito.
3. Mesturamos todo e fritimos nun par de tixolas (lume a tope apenas no inicio ao principio e aos tres minutos baixádeo á metade; non queremos que queden moi duras).
4. Mentres tanto imos facendo o «ovo».
5. Botamos o caldo nunha pota e quentamos a setenta graos.
6. A continuación, cando chegue a esa temperatura mesturamos o leite vexetal e deixamos que volva para os setenta graos.
7. Posteriormente botamos a fariña de garavanzos sen deixar de remexer, con axuda dun batedor e deixamos que siga a esa temperatura.
8. Botamos finalmente o amidón de tapioca, sempre remexendo, veremos como aos tres minutos co-

meza a espesar a mestura e colle a consistencia dun ovo.

9. Pois ben, xa temos o máis importante feito. Imos a facer a tortilla:
10. Preparamos unha tixola cun pouco de aceite (ollo, isto é moi importante, é unha mestura que ao principio pégase bastante. (eu sempre teño o lume medio, tirando a baixiño).
11. Sacamos as patacas da tixola, antes de que se endurezan, e metémolas nun bol.
12. Botámoslle o noso «ovo» e mesturamos todo moi ben.
13. Botamos a mestura á tixola e deixamos que vaia collendo consistencia por unha parte movendo ben para que non se pegue.
14. Dámoslle a volta aos 5 minutos máis ou menos e facémola pola outra parte (se logo hai que volver a darlle a volta hai que ter paciencia; a primeira vez sempre é complicada de facer. Hai que collerlle o punto).
15. Cando estea feita servides con sal Kala Namak pola parte superior (Ollo coa cantidade deste sal que é bastante forte) e xa tedes unha tortilla perfecta, asegúrovos que ninguén vai a notar a diferenza a respecto dunha con ovo animal.

AXUDA TECNOLÓXICA PARA A CORRESPONSABILIDADE

Joaquín Collazo Rodríguez
PDI UVigo



aplicacións de produtividade é unha ferramenta que permite xestionar de forma conxunta tanto as tarefas como esa carga mental.

AXENDA

(Google Calendars, por exemplo)

Compartir calendarios é moi importante para organizar a vida compartida. Cada quen ten o seu propio calendario, ao cal toda a unidade familiar ten acceso. Ao planificar citas ou actividades, simplemente se envían convites para asegurarse de que esta no calendario común. Tamén se pode dedicar un calendario ao fogar, no que se inclúan as comidas e/ou ceas así como outros aspectos relevantes.

LISTAS COMPARTIDAS

(Google Keep, To Do, Todoist, An-lyst, TickTick...)

As aplicacións de listas permiten levar a cabo unha organización das tarefas

cotiás e mesmo da lista da compra. Pódese comezar con unha alternativa sinxela como Google Keep, que pode ser útil para xestionar a compra no súper ou as existencias no conxelador. En xeral, estas aplicacións permiten crear listaxes compartidas e engaden funcionalidades diversas: listas principais e secundarias, relacionar tarefas con eventos no calendario, planificación de comidas con receitas e ingredientes necesarios na lista da compra... O feito de ter unha lista da compra actualizada permitirá que calquera poida incluír o que se está a acabar ou se necesite e mesmo poida facer a compra se pasa ao longo da súa xornada por un establecemento ou xestionala *online*.

OUTRAS APLICACIÓNS

Conta satélite do traballo doméstico. No espazo web *todonoincluido.net* existe a posibilidade de facer unha estimación monetaria do traballo de coidados. Tamén se puxeron en marcha iniciativas institucionais parecidas como «Unpaid Care Work» (ONU, 2020), a «Calculadora de Coidados» (Goberno de Arxentina, 2020) ou a *app* «Me toca» (Ministerio de Igualdade, 2023), aínda que só a primeira continúa operativa.

DOCUMENTOS COMPARTIDOS

(Google Docs ou similares)

Ao mellor o simple feito de ter un documento de texto ou unha folla de cálculo compartida permite compartir de xeito efectivo as tarefas domésticas e non se necesita ir moito máis alá. Tamén podería presentarse coma unha boa opción para a organización de viaxes ou eventos puntuais.

É importante que as persoas que cohabitan formen parte do equipo de traballo e xestión, habitualmente fálase das persoas que forman parte da parella, pero tamén se debería estender a participación ás mozas, mozos, adolescentes, nenos e nenas en función das súas posibilidades de colaboración.

Non existe unha única forma de organizar as actividades domésticas, cada fogar ten unhas necesidades que poden ser cubertas co uso de *apps* compartidas ou mesmo con un planificador semanal para pegar no frigorífico. O importante, sexa a ferramenta que sexa, é que a xestión das tarefas domésticas e a da súa carga mental asociada se leve a cabo de forma transparente e equitativa.

CINEMA E MASCULINIDADES: ALGÚNS REFERENTES PARA CULTIVAR UNHA OLLADA TRANSFORMADORA

REDACCIÓN

O cinema contemporáneo pode ser unha fantástica ferramenta para promover conversas arredor da transformación das masculinidades, nun fío que vai da representación do macho, do guerreiro, do sedutor, até o recoñecemento da empatía, da vulnerabilidade e do coidado. Facendo nosa unha metáfora compartida por Miguel Lorente, poderíamos dicir que cada un de nós, no filme das nosas vidas, contamos cun guión escrito pola masculinidade hexemónica, e somos nós, na nosa

diversidade, os que debemos decidir se interpretamos ese texto ou desafiamos ese mandato, apostando por construír relacións máis igualitarias e coidadasas.

A partir desta premisa, presentamos catro filmes e tres documentais onde, en maior ou menor medida, os seus protagonistas rompen coa norma patriarcal, facendo un chamado a abrírmonos a outras formas de ser e relacionármonos, reflexionando sobre o que significa ser home nunha sociedade en transformación.

***The Power of the Dog* (2021), dirixida por Jane Campion**

Na paisaxe hostil do oeste norteamericano, *The Power of the Dog* preséntanos a historia de Phil Burbank, unha vida atravesada polo orgullo e a violencia emocional, nunha moi interesante revisión do arquetipo do «cowboy». Na súa interpretación, Benedict Cumberbatch encarna a dureza como unha ferramenta de protección, desenvolvendo unha masculinidade rixida que impacta profundamente tanto en quen a exerce como en quen a padece. A súa fachada de fortaleza e crueldade oculta un conflito interno ligado coa supresión emocional e a negación da propia identidade. A película é unha boa porta de entrada para o cuestionamento dos modelos rixidos de masculinidade, amosando de que maneira a conexión co mundo emocional e os coidados son precisos para rachar co ciclo da violencia e fomentar relacións de bo trato.



***Away from Her* (2006), dirixida por Sarah Polley**

Nesta reflexión sobre a dependencia e os retos do envellecemento compartido nunha relación de parella, Grant, o protagonista, enfrenta a realidade dos avances da doenza de Alzheimer de Fiona, a súa muller, asumindo o seu papel de coidador a medida que ela vai esquecéndoo. Nun exercicio de amor e aceptación da nova realidade, iremos descubriendo unha masculinidade que se reconece vulnerable e comprometida co benestar das outras persoas, rachando co mito do control e a auto-suficiencia masculina.



***Perfect Days* (2023), dirixida por Win Wenders**

Fóra dos relatos épicos da masculinidade, este filme narra o día a día dun home que traballa limpando os baños públicos do distrito de Toquio. Hirayama, o protagonista, ten unha vida sinxela e rutinaria na que goza da súa paixón pola música, os libros e as árbores. A película presenta o momento presente da existencia do protagonista, un home sensible, silencioso e amable, atento aos pequenos detalles e que consegue atopar a beleza no mundo que o rodea. Unha

historia íntima dun home maior que vive en plenitude e conectado coas novas xeracións, con quen ten relacións de encontro e respecto. Os días perfectos que amosa esta cinta son aqueles nos que se aprecia o presente e os coidados.




***Intouchables* (2011), dirixida por Olivier Nakache e Éric Toledano**

As dimensións da diversidade racial, funcional e de clase social atravesan esta película que relata a evolución da relación de amizade entre Phillippe, un home tetraplético de clase alta, con Driss, o seu asistente e coidador, cuestionando os roles habituais de poder e dependencia. Esta relación de apoio mutuo entre homes, construída dende o respecto e o acompañamento, permítelles explorar as súas propias identidades. Unha boa referencia para sinalar como a auténtica fortaleza pode residir na apertura cara as outras persoas e o recoñecemento da nosa interdependencia.



Documentais

Compartimos ademais outras catro recomendacións nas que mudamos de «xénero» cinematográfico e pasamos ao documental. Por un lado, *Tódalas mulleres que coñezo* (2018), da galega Xiana do Teixeiro, que presenta tres conversas, nun xogo de espellos entre xeracións, arredor das violencias machistas; un exercicio para rachar co mito de que todo está conseguido. Por outra, *Clonar a un hombre: Los cuidados* (2024) da Asociación Masculinidades Beta, dispoñible en aberto. Tras *Clonar a un hombre* (2020), unha peza que comparte visións sobre a masculinidade en primeira persoa, o director Iván Roiz afonda na relación dos homes cos coidados. E, por último, *La mecánica de los flúidos* (2022) de Gala Hernández, un video-ensaio que abre un particular diálogo coa subcultura virtual dos *incels*.



«APOSTAR POLA IGUALDADE FAINOS PERSOAS MÁIS HUMANAS E LIBRES, E ISTO É ALGO MOI ATRAENTE»

LUÍS PENA MORANDEIRA
ENTREVISTA A ANDER BERGARA

O 30 de setembro e o 1 de outubro a Universidade de Vigo acolleu as xornadas «Democratizar os coidados e a vida doméstica. O papel dos homes con perspectiva de xénero», impulsadas polos servizos de igualdade da UVigo, USC e UDC co apoio da Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia. Neste espazo, Ander Bergara, integrante de Emakunde - Instituto Vasco da Muller, expuxo unha conferencia titulada «Políticas públicas dirixidas a homes: a experiencia de Euskadi». Conversamos con el na súa visita á cidade olívica para coñecer as entrañas do seu quefacer na liña das masculinidades coidadasas.

Cales son as principais necesidades no ámbito do traballo con homes e as masculinidades?

Se desde 2007 vimos unha evolución na que cada vez máis homes se manifestan publicamente a favor da igualdade e o feminismo, nos últimos anos estase a percibir unha corrente reaccionaria. Quizáis estaba aí antes, latente, pero non se manifestaba. Este é o grande desafío que nos toca xestionar agora, conseguir que esta corrente máis reaccionaria, moitas veces ligada á extrema dereita, non sexa algo atraente, sobre todo para as xeracións máis mozas.

É importante que quen estamos nesas políticas tratemos de facer pedagogía e explicar ben as cousas, como que son dereitos e que privilexios, que non é o mesmo. Por exemplo, historicamente os homes estamos en ámbitos de toma de decisións, isto é un privilexio e non un dereito, verdade? Polo tanto, repartir a toma de decisións coas mulleres, non implica que estean roubando os nosos dereitos, poden estar corrixíndose desigualdades.

Debemos tratar de preguntar á xente moza que lle xera dúbidas, e non dar leccións. O machismo ten custes non só para as mulleres, senón tamén para os homes. Falo do custe de ter que «ir de macho» pola vida. Apostar pola igualdade fainos persoas máis humanas e libres, e isto é algo moi atraente, foi o que a min

me enganhou cando comecei en Emakunde, no 95.

Cóntanos máis de Emakunde, que iniciativas estades desenvolvendo?

Traballamos a través da lexislación e os plans de igualdade, e a través dun programa específico que é o Gizonduz. Esta é a nosa iniciativa estrela, está pensado para implicar os homes a favor da igualdade. En euskera quere dicir precisamente «ir facéndose home». A idea é que construíamos a nosa identidade como homes en termos respectuosos coa igualdade e os dereitos humanos.

Desde a súa creación no 2007, fixemos campañas, proxectos con centros escolares, menores migrantes, homes en política, maiores, para empresas,... Damos formación de balde, *online* e presencial a calquera persoa que se queira formar en masculinidades. Tamén asesoramento gratuito a entidades públicas ou privadas que queiran traballar este tema nas súas organizacións. Colaboramos a nivel internacional e elaboramos numerosos materiais.

Pensando na administración local, hai algo que poida ser inspirador para os concellos galegos?

No 2017 creamos un proxecto cun grupo de homes políticos, practicamente todos alcaldes de municipios. Propuxémoslles realizar un proceso formativo e compartir experiencias. Estendeuse durante uns seis



Ander Bergara. Fonte: Luís Pena Morandeira.

meses e traballamos as diferentes formas de poder e liderado. O obxectivo pasa por reflexionarmos sobre como nos inflúen os roles de xénero e que consecuencias ten.

Esta reflexión, unha vez feita, deriva seguramente na acción. No comezo do programa, cando preguntabas aos homes maioritariamente posiciónanse a nivel teórico a favor da igualdade, pero de aí á práctica hai un salto. A maioría non apoiaba as súas palabras con accións. As nosas campañas buscan o compromiso dos homes en accións cotiás: dedicar máis tempo ao coidado das persoas na contorna, non sobreocupar espazos en reunións, posicionarse en contra da violencia, formarse etc.

Neste ámbito da formación, hai homes que se achegan a estes espazos con vontade de repensar a súa propia masculinidade?

Cando imos dar formacións o máis común é que os participantes non pidan esa formación. Precísase dedicar máis tempo e dar os espazos necesarios. Pero se de verdade queremos transformar e facer políticas transformadoras hai que ir a eses espazos onde non se reflexionou sobre isto.

A xornada á que asistes na UVigo ten, como en xeral as actividades pola igualdade, un perfil de participante feminizado. Como conseguir

que máis homes se sintan interpelados a participar nestes espazos?

Na nosa experiencia, se organizacións xornadas sobre masculinidades abertas ao público van vir moi poucos homes. É máis útil meter o tema transversalmente. Que se fai un curso de innovación? Pois metes algo sobre igualdade. Outro exemplo, nunha empresa que quere afrontar unha mellora da xestión do traballo, porque funciona a berros e con tensión, niso encaixa perfectamente o traballo de masculinidades. Formas de dirixímonos á xente, ideas relacionados coa autoridade e competitividade, uso da violencia verbal ou física etc.

Na maioría dos casos a violencia é exercida por homes. E isto algo terá que ver con como se nos educa aos homes, non? E o mesmo en relación ás desigualdades sociais e económicas ou as discriminacións a persoas LGBTI. Mesmo nun tema tan actual como o cambio climático, que ten relación con depredar a contorna, porque se nos educa en que todo está ao noso dispor. Para reafirmar a miña autoridade, o meu poder, podo dispor das mulleres, do medio ambiente, dos animais. Non porque sexamos monstros, educósenos así e pódese desaprender e mudar. Para iso traballamos.

